

12 2019

Jahrgang 12 (2019)
Heft 1

 **HELIX**

Dossiers zur romanischen
Literaturwissenschaft

Comedia

Historias Peregrinas

Miguel-Anxo Murado

HeLix 12 (2019), S. 161-211.

HISTORIAS PEREGRINAS¹

é unha comedia de
MIGUEL-ANXO MURADO

PERSONAXES

O HOME
EMPRESARIO
GRACIA SANTIFICANTE
MORTE XUSTICEIRA
PECADO
PERDÓN DIVINO
SOLDADO 1
SOLDADO 2

A ACCIÓN TRANSCORRE NUN BOSQUE QUE NON APARECE NO CÓDICE CALIXTINO, UNHA NOITE DUN DÍA INDETERMINADO DUN TEMPO CALQUERA. É, POR TANTO, UNHA ALEGORÍA.

¹ O texto publícase co cordial permiso da editorial e está baseado na edición seguinte: MURADO, MIGUEL-ANXO: *Historias Peregrinas*. Lugo: TrisTram 1995.

CADRO ÚNICO

A ESCENA ESTÁ ESCURECIDA. ESCÓITANSE OS LADRIDOS DUNS CANS Ó LONXE. ENTRAN DOUS SOLDADOS, UN ALTO E OUTRO MÁIS BAIXO. VAN VESTIDOS DE SOLDADOS E ARMADOS CON PICAS. PARECE QUE ESTÁN CANSOS E QUE TEÑEN FRÍO. A LUZ SÓ OS DEIXA VER A ELES.

SOLDADO 1

¡Que frío vai! ¡O demo! ¡Non se para! A ver. Imos mirar por aquí.

SOLDADO 2

(VOLVENDO A UNHA CONVERSA ANTERIOR). Daquela, volvendo ó de antes, o que di o libro ese é que o Apóstolo non existe.

SOLDADO 1

Existe.

SOLDADO 2

¿E logo?

SOLDADO 1

Existe, o que pasa é que é un tipo normal. Nin é santo nin é nada. Nin fai milagres, nin viaxou, nin nada. Un indocumentado.

SOLDADO 2

Eu sempre oín dicir que era pescador.

SOLDADO 1

Era... Máis ben era armador.

SOLDADO 2

Ah.

SOLDADO 1

E di tamén que non veu aquí.

SOLDADO 2

(ENTRE SORPRENDIDO E INDIGNADO). ¿Que non veu aquí?

SOLDADO 1

Iso di o libro.

SOLDADO 2

Aí é onde ben se deita que está enganado, o que escribiu o libro. ¡Non había estar acó! Ese escritor é parvo. ¿E non ve que a esta vila lle cháman Santiago? ¿Por que había de ser se non?

SOLDADO 1

Ao mellor era outro que se chamaba igual.

SOLDADO 2

Home, quita quita, ¿quen había ser?

SOLDADO 1

(QUÉDASE UN MOMENTO PARADO. LOGO, TÍMIDAMENTE). Home... Eu chámome tamén Santiago.

SOLDADO 2

(IGUAL). ¿Chamas?... Bueno, eu tamén.

QUEDAN OS DOUS UN POUCO DESNORTADOS.

SOLDADO 1

(RECUPERÁNDOSE). ¡E iso que ten que ver! Iso é porque somos de Santiago. Así que está demostrado. Eu son de Santiago e chámome Santiago así que o Apóstolo tamén estivo en Santiago. Ata se cadra era de Santiago e onde foi foi aló.

O SOLDADO 2 DÁ A VOLTA CARA Ó PÚBLICO.

SOLDADO 2

(DEBILMENTE). Eu non.

SOLDADO 1

¿Como dixeches?

SOLDADO 2

Que eu non son de Santiago.

SOLDADO 1

(MEDIO INCOMODADO). ¿Non es de Santiago?... Non é de Santiago. Tamén ti tiñas que ser, ho. ¿De onde carallo es logo?

SOLDADO 2

De Belvís.

SOLDADO 1

(ANIMÁNDOSE). ¡Pero Belvís está en Santiago! Daquela é o que eu dicía porque...

SOLDADO 2

(INTERROMPE). É outro Belvís.

SOLDADO 1

(QUEDA PARADO). Non me digas que hai outro Belvís.

SOLDADO 2

Hai. En Ourense.

SOLDADO 1

Tamén... tiña que ser... *(MIRA PARA EL, ROSMANDO DESPECTIVO)* Belvís, Belvís de Ourense... Mira que poñerlle igual.

SOLDADO 2

Meu pai... ese si era de Santiago.

SOLDADO 1

Ah, ¿ves?, pois...

SOLDADO 2

(INTERROMPENDO). Pero chamábase Gaspar.*OS DOUS SOLDADOS QUÉDANSE MIRANDO O UN PARA O OUTRO. SILENCIO.*

SOLDADO 2

(QUERENDO CAMBIAR DE CONVERSA). ¿E que máis dicía o libro ese herético?

SOLDADO 1

(MIRÁNDOO AÍNDA DE MAL HUMOR). O da barca de pedra. Que é mentira.

SOLDADO 2

(INTENTANDO COMPLETAR). Que naquel tempo as barcas non eran de pedra.

SOLDADO 1

(DESAFIANTE). Non, que non aboiaban.

SOLDADO 2

(DESAFIANTE). Meu pai tiña unha... e aboiaba.

SOLDADO 1

Non.

SOLDADO 2

Si. Aboiaba. Levaba a fariña nela.

SOLDADO 1

¿En Belvís?

SOLDADO 2

En Belvís.

SOLDADO 1

Belvís, Ourense.

SOLDADO 2

Non, o Belvís de acó.

SOLDADO 1

(*DÁ A VOLTA, ENFADADO*). Vaia, tiña que ser.

SOLDADO 2

E levábame a min tamén, ás veces.

SOLDADO 1

(*ROSMANDO ENTRE DENTES*). Lástima que non caeras e afogaras.

SOLDADO 2

(*NON ESCOITOU BEN*). ¿O que?

SOLDADO 1

Nada, nada.

SOLDADO 2

Veña, veña. Sigue contando do libro ese. Porque eu, que libros non lin ningún... (*FACENDO MEMORIA*) Vamos, creo que non lin ningún. Bueno. Ler non sei. E desde logo non me lembro de ter lido nunca ningún. Nin tampouco de que me contaran o que pon ningún. Casi nin sabía que os había. E cando vin un...

SOLDADO 1

Cando viches un ¿que?

SOLDADO 2

Pareceume raro que só estivera cosido por un lado.

SOLDADO 1

(*TOMÁNDOSE TEMPO*). ¿Oíches? E en Belvís, (*RECALCANDO*) Ourense; ¿sodes todos así?

SOLDADO 2

Non somos, non. Home, algún éche medio parvo.

SOLDADO 1

Ah, só medio parvo.

SOLDADO 2

(*SEN SE DECATAR*). Así é, medio parvo. (*DE REPENTE SOBRESÁLTASE. VIU ALGO NA TERRA E SINÁLAO*) ¡Espera! ¡Mira! ¡aí! ¡aí parece que escintila algo!

SOLDADO 1

(*ANSIOSO*). ¿Onde?

SOLDADO 2

Aí. Pareceume que era o brillo da prata.

O SOLDADO 1 VAI CARA ONDE LLE DIXO O COMPAÑEIRO, ACREQUÉNASE E COLLE ALGO INVISIBLE DA TERRA.

SOLDADO 1

(*DECEPCIONADO*). Non é.

SOLDADO 2

¿Non é? Pois a min pareceumo.

SOLDADO 1

Éche un vagalume.

SOLDADO 2

¿E logo non é o abrecartas de prata?

SOLDADO 1

Non é. É un vagalume.

SOLDADO 2

Na miña aldea chámanlle lucecú, e miña nai chamáballe bicho do lume, e o meu avó verme canteiro. ¿Por que terá tantos nomes distintos?

SOLDADO 1

Non o sei nin pouco nin moito. Se cadra porque ninguén sabe o que é en realidade... (PONSE EN PE) Veña. En marcha, que temos que atopar o chisme ese de prata ou vannos poñer a andar no corpo de garda.

SOLDADO 2

¿Cara onde imos agora?

SOLDADO 1

Tanto ten. (*SINALA PARA UN LADO DO ESCENARIO*) Cara aló. (*ALGO SINISTRO*) Que mala noite vai. En noites coma estas...

SOLDADO 2

¿Que pasa en noites coma estas?

SOLDADO 1

Nada, nada.

SAEN DA ESCENA.

ACÉNDESE TODA A LUZ DO ESCENARIO. VEMOS O CARROMATO DOS CÓMICOS NO LADO DEREITO, E NO LADO ESQUERDO UNHA ÁRBORE. DIANTE DO CARROMATO HAI SEIS MANTAS, NO CHAN. EN TRES DELAS ESTÁN DEITADOS TRES DOS PERSONAXES, AS OUTRAS TRES ESTÁN BALEIRAS. ENTRE ESTES PERSONAXES DEITADOS E O PÚBLICO HAI UNHA FOGUEIRA FALSA ACESA.

APARECE EN ESCENA UN PERSONAXE DISFRAZADO COMO A MORTE, CUNHA GADAÑA NA MAN, QUE SE DIRIXE SIXILOSAMENTE CARA ÓS QUE ESTÁN DURMINDO. DAQUELA FAINOS ACORDAR APRESURADAMENTE.

MORTE

¡Ei! ¡ei! ¡erguédevos! ¡erguédevos! ¡que marcharon! ¡fuxiron!

EMPEZAN A ACORDAR OS DOUS QUE DURMÍAN. UN É UNHA MULLER VESTIDA CUNS FARRAPOS (PECADO). O OUTRO É UNHA MULLER VESTIDA DE ANXO (GRACIA). Ó VER A MORTE AS DÚAS CEIBAN UN BERRO.

PECADO

(*AÍNDA MEDIO DURMIDA*). ¿Que foi? ¿xa temos que actuar outra vez? ¡Aaaaah!

GRACIA

(*DANDO UN SALTO*). ¡Ah!

AS DÚAS APÁRTANSE CORRENDO. A MORTE VAI CARA A ELAS.

PECADO

¡Non! ¡Non te achegues!

MORTE

Pero, que son eu... (*A MORTE QUITA A MÁSCARA DE ESQUELETO*)

GRACIA

(*INCOMODADA*). ¡Serafin! Pero ¿como se che ocorre virnos acordar vestido así?

MORTE

(*AMOLADO*). Pero se estás farta de verme vestido así... Dez anos traballando xuntos e aínda non te afíxeches.

GRACIA

¿E que? Ti non sabes a impresión que dá. No escenario nada, porque co mal actor que es. Pero así, no medio da noite... ¡Home, calquera che di “bos días”!

MORTE

¿E como teño que facer logo? ¿Poñer un cartel?

GRACIA

Que queres que che diga. Polo menos podías deixar a gadaña...

MORTE

¿E se ma levan?

GRACIA

¿Quen cha vai levar aquí? ¿un peregrino fetichista?

MORTE

Ó mellor un labrego mal equipado.

PECADO

(*MIRANDO PARA AS MANTAS BALEIRAS*). Pero ¿Onde van?

GRACIA

¿Quen?

PECADO

(*DESCONCERTADA*). El... e ela. Os outros.

GRACIA

(*TAMÉN MIRANDO PARA TODOS LADOS*). É certo... ¿Onde van os outros?

MORTE

Iso é o que vos quería dicir. Marcharon.

PECADO

(*ANGUSTIADA*). ¿Como que marcharon?

MORTE

(*FALA SEN PARAR; AS OUTRAS NON LLE FAN CASO*). ¡E eu que sei! Eu sentín ruído e erguinme para ver que pasaba, porque pensei “se cadra é un rato que anda roendo nunha árbore e me cae a min na cachola”. Xa sei que é pouco probable, pero...

PECADO

(*MÁIS ANGUSTIADA, INTERROMPENDO*). Non pode ser... ¿Como ían marchar se...?

GRACIA

¡Que si, filla, que marcharon! ¡os dous! ¡xuntos!

PECADO

¿Quere dicir... clandestinamente?

GRACIA

Si, filla, clandestinamente. Todo o clandestinamente que ti queiras.

MORTE

Se clandestinamente quere dicir “cos cartos”, pois si. Moi clandestinamente.

PECADO

¿Cos cartos?

GRACIA

(*CON FATALISMO*). O que nos faltaba.

MORTE

Haberá que dicirillo ó empresario.

GRACIA

Si, haberá que dicirillo ó empresario. (*ACHÉGASE A OUTRA DAS MANTAS ONDE VEMOS UN BULTO, OUTRO PERSONAXE, TOTALMENTE CUBERTO*) ¡Empresario! ¡Empresario!
¡Asoma a cabeciña xa verás que ben!

MORTE

A ver con que pinta esperta hoxe, porque isto vaino poñer dun xenio...

ASOMA A CABEZA E VEMOS Ó EMPRESARIO, VESTIDO DE DEMO.

MORTE

Ves, xa dicía eu que había ter mala cara.

EMPRESARIO

¿Que pasou? ¿A que veñen estes madrugóns? ¿A que ven tanto apuro? (*DÓESE DA CABEZA*)¡Aaaa! Estou como mareado... (*COLLE A CARÓN DE SI UN GARRAFO E MÍRAO*)

GRACIA

Como mareado non. Estás mareado. E xa verás que ben que te vas poñer agora... ¡marcharon!

EMPRESARIO

¿Quen?

MORTE

O rapaz. O actor novo. O que contratamos en Ponferrada.

EMPRESARIO

(*ACORDANDO*). ¿O que facía de...?

GRACIA

Si, o que facía o papel de Home Inocente nas obras. ¡Feliz aniversario da compañía! ¿Non o estabamos a celebrar onte? Pois aí o tés. Éche ese o agasallo.

PECADO

(*VESE QUE LLE DOE ESPECIALMENTE*). E fugou con Perdón Divino. Xa vía eu que estaban liados.

GRACIA

(*CON RETRANCA*). Si, *menudo* Perdón Divino que estaba feita esa rapaciña...

MORTE

(*COLLENDU UN COFRÍÑO DO CHAN E MOSTRÁNDOO ABERTO*). ¡E ademais levaron consigo a bolsa cos diñeiros da recadación toda...! ¡Ala! ¡Catro Danzas da Morte para nada! ¡Se o chego a saber...! ¡Co ben que me saíu a min a parte da Condenación Eterna... ! ¡Pois eu xa non o volvo facer máis. O da Condenación Eterna xa non o fago máis, ¿escoitastes?

EMPRESARIO

(*INXENUO*). Ó mellor foron por aí... xa sabedes. E se cadra volven.

GRACIA

Si, volven, correndo. Non, se é que ti es bo de máis. Xa de tan bo que es o que es é parvo. (*A PARTE*) E ata non sei se non serías parvo tamén, aínda que foses malo. (*Ó EMPRESARIO*) Xa cho dixen eu que eses dous non eran de fiar.

EMPRESARIO

A min a rapaza parecéucheme unha boa rapaza. Cando a atopamos vinlle boa pinta.

GRACIA

¡Cando a atopamos estábana exortizando entre tres cregos e dous catecúmenos! ¡Se iso é ter boa pinta!... E o Home Inocente... Pois si que nos saíu “inocente” o “home”. Ti, como contratas ó primeiro que ves... ¡Ca de parados que hai para escoller!

EMPRESARIO

Si, iso si que cho concedo. O rapaz xa non me gustaba tanto. Había algo nel ... algo que metía un pouco de medo. O que pasa é que é difícil atopar xente para o papel de Home Inocente. Homes hai moitos, pero o aspecto inocente... iso xa che é outra cousa ben distinta. Nestes tempos a xente é moi mal encarada. Non sei por que. Sei que polo do Milenarismo...

MORTE

¿E como imos facer agora?

EMPRESARIO

Sen o Perdón Divino podemos facelo igual. Total, xa era un personaxe moi pouco crible.

GRACIA

Sen Perdón Divino, si. Pero ¿e o Home Inocente? Non podemos facelo sen Home Inocente. ¿Que é un auto sacramental sen Home Inocente que se salve ó final? Todas as Danzas da Morte son así.

PECADO

Podo facer eu...

EMPRESARIO

¿Como vai facer de home unha muller? É case o contrario...

PECADO

Podo ser unha Muller Inocente. Algo novo, novidoso, distinto, orixinal.

EMPRESARIO

Ti fas de Pecado. ¿Como vas facer de Pecado e de Muller Inocente á vez? ¿Queres que nos queimen por herexes? Por moito menos que eso puxéronlle lume a algún, alá no noso Burgos natal...

MORTE

Pois se encima se enteran de que vostede é medio xudeu e medio mourisco...

DE REPENTE TODOS O MANDAN CALAR ASUSTADOS E MIRAN PARA TODOS LADOS.

EMPRESARIO

(DÁNDOLLE UN GOLPIÑO NA CABEZA). ¡Pero ti andas mal da cabeza! ¿Como se che ocorre dicir unha cousa así?

MORTE

Pero se estamos aquí, no medio do monte, perdidos. ¿Quen máis nos vai oír?

EMPRESARIO

Nunca se sabe. As paredes teñen orellas.

MORTE

Xa, pero aquí non hai paredes.

GRACIA

Ti cala de todas todas, que pouco se perde.

PECADO

(QUE SEGUE REMOENDO). Pois entón o que non fago é de Pecado, así non hai tanto problema. Fago só de Muller Inocente e andando...

GRACIA

Ah, non. Pecado ten que haber. Se non que gracia había ter a cousa. É *a salsa* do asunto.

MORTE

Podo facer eu de Home Inocente.

PECADO

Si, claro, ti. ¿E quen fai de *Muerte Justiciera*?

MORTE

Ninguén.

EMPRESARIO

Ninguén ¿eh? O da Danza da Morte sen Pecado xa me parece unha cousa rara... Pero ¿onde se viu unha Danza da Morte sen Morte?

GRACIA

Ademais, o da *Muerte Justiciera* é o que máis lle gusta á xente. Xa me prestaría a min facer un papelón así. Pero téñome que amolar e facer de Gracia Santificante, que é un *rollo*. Pero, claro, como só che son a muller do xefe. Pois, ala, ¡cas aliñas, coma un xílgaro! Calquera día vaime tirar un cazador.

MORTE

(COMPADECÉNDOSE DE SI MESMO). Pois a min apúpanme e bótanme pedras...

EMPRESARIO

¿E logo que esperabas? ¿Que aplaudiran cando aparece a *Muerte Justiciera*? É a súa maneira de dicir que lles gusta.

MORTE

Si, pero eu quería que trocásemos de cando en vez. É que levo toda a vida... facendo de Morte.

EMPRESARIO

(*SENTENCIOSO*). Ese é un papel que todos teremos que representar algún día. E durante moito máis tempo ca ti...

MORTE

¡Pois por iso! ¡Se encima logo vou ter que dar un bis!

GRACIA

Ben, ben. Non se poñer profundos, facédeme o favor.

MORTE

Non, se en realidade o que eu quería era facer comedias. Pero iso, claro, xa é outra historia...

EMPRESARIO

¡Non, non! ¡Deixa estar! ¡Non empechemos outra vez coa leria das comedias!

MORTE

¡Pois si! ¡Por que temos que representar sempre este... (*DESPECTIVO*) “Teatro alegórico”! O Barroco está superado, toda esta relixiosidade macabra, tan característica da nosa época, o *tenebrismo*, o *sic transit gloria mundi*. ¿Por que non deixamos este estilo dunha vez?

EMPRESARIO

Pois porque é o que sabemos facer.

MORTE

Eu non. Eu estou fixo de que teño... (*PAUSA*) ...vis cómica.

GRACIA

Si, home, non hai máis ca verte.

MORTE

É que estou *encasillado* neste papel. Así non o podo demostra. ¿Por que non facemos unha comedia? Unha só... Aínda que non teña moita gracia...

EMPRESARIO

Non.

MORTE

Unha nada máis.

EMPRESARIO

¡Non!

MORTE

Un entremés, un *entremesño* de nada.

EMPRESARIO

¡Non!

MORTE

¿E meter algúns chistes no meu personaxe?

EMPRESARIO

¡Que non, dixeran!

PECADO

(*ADIANTÁNDOSE, PARA O PÚBLICO*). Eu o que quería facer era obras románticas. Lanzasote e a Raíña Xenebra. Romeo e Xulieta, Eloísa e Abelardo en versión musical...

GRACIA

Outra. Ti sempre co mesmo, Pecado.

PECADO

¡Xa abonda con iso! ¡Non me gusta que me chamedes Pecado! ¡Fago de Pecado, pero non me chamo así!

GRACIA

Filla, e que queres. Eu fago de Gracia Santificante e tamén me chaman Gracia. Que xa me dirás ti onde está a gracia.

PECADO

Pero é que ti chámaste Gracia de nome.

EMPRESARIO

Ben. Morra o conto. Haxa paz.

GRACIA

Éche ben certo. Total, se non damos saída deste bosque de pouco nos ha servir ver quen fai de Home Inocente, de Muller Inocente ou de Morte Inocente.

EMPRESARIO

Iso é o que me preocupa. Xa bastante problema tiñamos con estarmos perdidos e agora... fálanos un actor. O dos Autos Sacramentais pode pasar. Pero ¿como imos representar os milagres do Apóstolo?

GRACIA

Ó mellor pódese facer igual. ¿Que papel tiñas pensado para o que escapou?

EMPRESARIO

(*FAI UNHA PEQUENA PAUSA*). De Apóstolo.

TODOS SACODEN A CABEZA.

MORTE

(*A PECADO*). ¿Imos representar os milagres do Apóstolo?

PECADO

(*A MORTE*). Parece ser que si. Por iso iamos cara a Compostela, se cadra...

EMPRESARIO

(*SACA UN PAPEL*). Isto é o que pon o contrato co Cabildo e o Concello. (*LE ASÍ POR ENCIMA, MURMURANDO*) Reunidos mmm, dunha parte mmm Cabildo da Catedral de Compostela mmmm, en pleno uso das facultades mmmm, compañía de Cómicos mmmm, con domicilio mmm. Burgos (*EN ALTO*) Aquí está. (*LE, AGORA ALTO E CLARO*) “Deberá representar un ou dous milagres do Apóstolo Santiago, chamado o Maior”. (*COMENTA ÓS OUTROS*) E aquí hai unha cláusula de salvagarda para o caso de que o Apóstolo fixera algún outro milagre nos próximos quince días, que teríamos que montalo igual polo mesmo prezo.

GRACIA

Que listo es asinando contratos. Fixo que agora se mata a facer milagres por todas partes.

MORTE

(*INCOMODADO*). ¡Boh! ¡Máis teatro subvencionado! ¡Estou farto de facer teatro subvencionado!

GRACIA

Non te preocupes. Para a xente que nos vai ir ver...

EMPRESARIO

Iso é o malo. Aquí o di, no programa de festas. Vai haber unha execución.

GRACIA

Si, unha execución.

MORTE

Vaia mala sorte. A xente adora as execucións. (*Ó PÚBLICO*) Como en xeral todos cantos espectáculos nos que o público participa activamente.

PECADO

Non nos van vir ver nin os nenos.

EMPRESARIO

¡Que mala sorte!

GRACIA

¡Que mala sorte!

MORTE

E tamén é unha mala sorte para o que van executar... (*PAUSA*)

TODOS

Si, tamén / Si, si / Claro / Ben, claro.

EMPRESARIO

(*DESANIMADO*). Non, se é que en vez do teatro teríamos que pasarnos ás execucións. Se é o que á xente lle gusta...

MORTE

Íannos acusar de sermos demasiado comerciais...

PECADO

E ademais, é que a min a Pena de Morte péreceme iso... unha pena. (*PAUSA, RAZOANDO CON DIFICULTADE*) Se total, xa imos morrer todos... en vez de tantas execucións e tanta cousa... o que hai e que ter paciencia ¿non?

TODOS MIRAN PARA PECADO. LOGO CONTINÚA A CONVERSA.

EMPRESARIO

Xa oístes o que dixo o verdugo, cando fixemos camiño xuntos, de Astorga ó Cebreiro. El dixo que ía dar o mellor de si.

GRACIA

¡Dixo que Compostela é unha praza de entendidos!

MORTE

Pois nin vos conto... A execución dun herexe, e traendo un verdugo de fóra... Iso vai estar así... (*FAI COS DEDOS XESTO DE CANTIDADE*)

EMPRESARIO

Ben, pois o caso é que...

GRACIA

O caso é ¿que que?

EMPRESARIO

Que temos que facelo sen el. Se non damos contratado a outro e non podemos facelo ningún de nós, daquela habemos ter que facelo sen el.

MORTE

¿E iso como se fai?

EMPRESARIO

Dobrando papeis. Facendo un actor dous papeis.

GRACIA

Paréceme a min que o milagre había ser que nos aplaudisen por esa trapallada.

PECADO

Ó público, con tal que saian espadas e *centellas*, eu creo que todo lle parece ben.

GRACIA

Non te creas. Haiche de todo.

O EMPRESARIO ARRÉDASE UN POUCO DOS OUTROS. ACOMPÁÑAO A MORTE. A LUZ ILUMÍNAOS A ELES E DEIXA NUN SEGUNDO PLANO ÓS OUTROS.

MORTE

Señor Empresario, fixo que alí saenos ben... coma sempre, improvisando.

EMPRESARIO

(*SEN FACER CASO, EN A PARTE*). ¿Que podo facer? Teño dúas mulleres e un... (*MIRA PARA MORTE*) ...un esqueleto. Como non poña unha casa de putas ou un túnel do terror... Levo toda a miña vida dedicado ó mundo do espectáculo e sinto que todo o que fixen foi... iso xustamente... dar o espectáculo. Gustaríame facer algo grande, unha cousa... trágica, poderosa. Teatro total. ¡En fin, Cultura con maiúsculas!

MORTE

Pois eu... Que me vai contar a min. Meu pai xa facía de Morte, e o meu avó tamén, e mesmo a miña avoa ás veces tamén, porque o substituía.

EMPRESARIO

(*FACÉNDOLLE CASO POR PRIMEIRA VEZ*). Ti polo menos creaches un personaxe. Telo traballado. Dominas todos os seus recursos, estás... identificado con el.

MORTE

Si, vaia un personaxe.

EMPRESARIO

Eu en cambio non teño nada de nada. Creo que falta aínda moito para que ós directores de escena se nos recoñeza que somos nós quen o facemos todo.

MORTE

(*INTENTANDO ANIMALO E CONVENCELO*). Veña, xefe, temos que facer comedias. Ande, ¿por que non?

EMPRESARIO

¿Comedias? ¿E para que?

MORTE

Para facer rir.

EMPRESARIO

(*DEPRIMIDO*). Facer rir. ¡Vaiche boa! Vaia unha cousa grandiosa. Xa cho dixen ben veces. A risa é unha convulsión que se produce aquí, no diafragma. ¿Paréceche iso moi artístico? Andar por aí, provocándolles convulsións á xente.

MORTE

Pero... ¿e facer chorar? Botar auga polos ollos. Pois si que é iso unha cousa interesante. ¿En que consiste o drama? En andar por aí facendo que a xente se deshidrate.

O EMPRESARIO MIRA MORTE. VOLVE ONDE ESTÁN OS DEMAIS.

EMPRESARIO

¡A ver! Haberá que usar un pouco a imaxinación. Como fai o noso público. Cando actuamos nós eles tamén teñen que imaxinar case que todo. Imos facer coma se houbera un actor interpretando o papel de Home Inocente.

MORTE

A min eso paréceme máis difícil que o de que un actor faga que é dous a un tempo.

GRACIA

O que vamos ter que imaxinar é que hai público que nos mire facer o idiota.

EMPRESARIO

Non é tan difícil. Só hai que supoñer que hai un actor máis.

PECADO

¿Onde?

EMPRESARIO

¿E que máis ten iso? En calquera sitio.

MORTE

Si, pero ¿onde?

EMPRESARIO

(INCOMODÁNDOSE). ¿E que máis ten? Imaxínao.

MORTE

Eu podo imaxinar un home calquera, pero un home calquera nun sitio calquera... hai que poñelo máis fácil.

EMPRESARIO

(INCOMODADO). ¡Pois aí! *(SINALA UN SITIO CALQUERA)*

MORTE

(ESTRAÑADO). ¿Aí?

EMPRESARIO

Si, aí.

MORTE

(SINALANDO OUTRO SITIO). ¿E non pode ser alí?

EMPRESARIO

(INCOMODADO). ¡Pois non! ¡Aló! *(SINALA UN EXTREMO DA ESCENA)*

NESE MOMENTO APARECE O HOME, XUSTO NO LUGAR QUE SINALA O EMPRESARIO. PECADO LANZA UN BERRO. EFECTO SONORO PARA RECALCAR A ENTRADA DO HOME.

HOME

Boas noites.

HAI UN MOMENTO DE DESCONCERTO NO QUE TODOS SE MIRAN UNS ÓS OUTROS. DE SÚPETO BÓTANSE RIBA DEL O EMPRESARIO, A MORTE E GRACIA.

EMPRESARIO

(MOI INCOMODADO). ¿Como que? ¡Condenado!

MORTE

Collédeo ben que non escape.

GRACIA

¡Xa o temos!

O EMPRESARIO E A GRACIA O TEÑEN BEN COLLIDO.

EMPRESARIO

¡Morte! ¡Vai pola gadaña!, ¡axiña!

MORTE

¡Si, señor empresario!

MORTE VAI POLA GADAÑA E AMEAZA Ó HOME, POÑÉNDOLLA NO PESCOZO.

HOME

Pero, ¿que facedes? ¿Que queredes?

PECADO

(ACHEGÁNDOSE A EL). ¿Onde vai ela?

HOME

¿Quen é ela?

PECADO

(FACENDO UN XESTO DESPECTIVO). Xa sabes... esa.

GRACIA

Así que volvíches ¿eh? ¿Pódese saber para que?

HOME

¿Como que volví? ¿Volvín onde? ¿De que me falades? ¡Non sei de que me falades!

EMPRESARIO

Non o sabes, non. ¿A ti que che parece de que falamos? Falamos das nosas ganancias. ¡E o día que celebrabamos o aniversario da compañía! ¡É o que máis me doe!

HOME

Non entendo nada. ¿Que é isto? Anxos, demos, aniversario... ¿Onde viñen parar? ¡Eu ía para Asturias!

GRACIA

¡Nun pórtico románico! ¿A ti que che parece?

MORTE

Como non confeses axiña xa verás onde vas estar...

HOME

¿Que ides facer con esa gadaña? Aínda non é o mes da sega.

MORTE

Ó mellor empeza agora.

HOME

Se sodes salteadores de camiños dicídeme polo menos por que ides vestidos así.

GRACIA

Aquí o único salteador de camiños es ti, *malnacido*.

PECADO

Vós levástesnos toda a nosa roupa, e eu agora teño que ir así, que parece que acabo de chegar nadando a unha praia. E o meu espelliño, que tanto me prestaba. ¿Onde o metiches?

HOME

(*ANGUSTIADO*). ¿Que espelliño? ¿Que roupa?

MORTE

E eu así ¿como lles vou preguntar ós paisanos a dirección para Compostela? Mátoos co susto. Xa o fixen unha volta e foron buscar auga bendita.

GRACIA

¿E eu? Cargando con esta alas, que ata me saúdan as pitas.

EMPRESARIO

(*SINALANDO O SEU DISFRAZO DE DEMO, FAI UNHA PEQUENA PAUSA*). ...E eu... de min xa nin che conto...

HOME

(*SOLTÁNDOSE DA PRESA QUE LLE FAN E APARTÁNDOSE UN POUCO*). Non sei o que queredes, nin quen sodes. Pero se o que queredes é roubar, ben vos podó dicir que nada teño.

PECADO

(*COLÉRICA*). ¡Si, claro! (*SORPRENDIDA DE REPENTE, ÓS OUTROS*) ¿Roubarlle, dixo?

¿Por que di iso?

EMPRESARIO

¿Onde está Perdón Divino?

HOME

(*ABRAIADO*). ¿Que... onde está... o que?

GRACIA

O Perdón Divino, ¿Non nos irás dicir que tampouco a coñeces?

HOME

¿A Divina... Providencia?

GRACIA

Non, a Divina Providencia non. O Perdón Divino... Xa sabes, aquela rapaza tan... (*FAI XESTOS FRÍVOLOS*) ...tan daquela maneira.

PECADO

(*RECALCANDO*). Si, eso. Tan daquela maneira.

EMPRESARIO

(*COMPRESIVO*). Gracia, Gracia. Que non era así, era unha boa rapaza. A parte das posesións diabólicas, claro... que tampouco era seguro. Porque tamén hai unha cousa que se chama presunción de inocencia que...

GRACIA

(*INTERROMPENDO*). ¡Claro que si, home! ¡Unha santa!... (*DE REPENTE DECÁTASE DE ALGO*) ¡Xa sei!... Seica o que pasou foi que ela rouboulle a el despois de roubarnos a nós.

HOME

A min non me roubou ningún nada... Polo de agora.

MORTE

(*AMEAZÁNDOO COA GADAÑA*). Ti cala.

EMPRESARIO

Ou ó mellor perdeu a memoria.

PECADO

Iso pode ser. Se levou un golpe forte na cabeza... (*VAILLE TOCAR POR TRAS DA CABEZA*)

...A ver

HOME

(*APARTÁNDOSE*). Non teño ningún golpe na cabeza.

PECADO

Si, o que pasa é que non te lembrás de quen es.

HOME

Si que me lembro de quen son. Eu son un camiñante que... ¿Que pasa?... ¿Por que sorrídes?

TODOS SORRÍN E SE MIRAN COMPRACIDOS, COMO SE ESTIVESE A DICIR ALGO GRACIOSO.

EMPRESARIO

Non, home, non. Ti es o noso actor. Facías de Home Inocente nas nosas representacións. Roubáchesnos todo e marchaches con outra rapaza da compañía. Logo ela bateuche na cabeza cunha... (*PENSA CON QUE*)

GRACIA

Cunha ponla, por poñer un caso.

EMPRESARIO

...Cunha ponla de... (*PIDE AXUDA*)

GRACIA

De carballo.

EMPRESARIO

...Cunha ponla de carballo, e por iso non te lembrás de nada. (*MIRA PARA GRACIA, COMO PREOCUPADO*) ¿Estades fixos disto?

HOME

(*POR FIN SAINDO DO SEU DESCONCERTO*). Non son eu...

GRACIA

¿Como que non es ti? ¿Pensas que non te íamos coñecer, se mesmo onte estabas canda nós?

HOME

¿Non me ía coñecer eu, que levo canda min desque nacín?

MORTE

Niso, a verdade, leva razón.

EMPRESARIO

(*INTENTANDO FACERSE O DURO*). ¡Ti cala! Veña. Collémoste e non se fale máis. Vólvenos os cartos e ó mellor che perdoamos. (*ABRANDÁNDOSE*) ...Ata pode que, se queres e prometes portarte mellor...

GRACIA

(*COMPLETANDO A FRASE*). ...Te deamos unha patada no cu... (*Ó EMPRESARIO*) Pero ti toleaches, ben sei. ¿Que ías dicir?¿Que o volvías coller para facer de Home Inocente?

EMPRESARIO

É que como agora o papel de Home Inocente estao facendo tan ben... E case nos ten convencidos, pois...

PECADO

(*SÚPETO, CON TOTAL SEGURIDADE*). Eu creo que non é o mesmo.

TODOS QUEDAN CALADOS, MIRANDO PARA ELA, QUE O MIRA A EL FIXO ÓS OLLOS.

EMPRESARIO

¿Que dixeches?

PECADO

(*SEN DEIXAR DE MIRALO*). Que a min non me parece o mesmo. Semellante si, pero non igual.

GRACIA

Non lle fagas caso. A esta todos os homes lle parecen iguais.

PECADO

Paréceme máis... máis guapo.

MORTE

Pois si que... A ti só che parezo feo eu.

HOME

(*CON SEGURIDADE, POR PRIMEIRA VEZ. DE REPENTE XA NON ESTÁ ASUSTADO, PARECE OUTRO HOME*). Ela ten razón. Demostrareivos que non son o actor que dices.

GRACIA

Si. ¿E como o vas demostrar?

MORTE

Eu sei unha maneira. (*CUNHA SÚPETA ILUMINACIÓN*) ¡Preguntádelle os nosos nomes, xa veredes como os sabe!

TODOS MIRAN PARA EL.

GRACIA

A ti si que non te iamos confundir entre un millón. Ata no Xuízo Final faraste notar dicindo algo.

DE SÚPETO PECADO BÓTASE Ó HOME E BÉIXAO LONGAMENTE.

PECADO

(*PASANDO A LINGUA POLOS LABIOS*). Non, non é el. (*DÁSE CONTA DE QUE TODOS A MIRAN UN TANTO ABRAIADOS. TÍMIDA*) Perdón.

GRACIA

(*IRÓNICA*). Non, filla, non. Se queres, podes facer unha comprobación máis exhaustiva.

EMPRESARIO

(*MOVENDO A CABEZA*). Xa vexo eu... xa vexo que nesta compañía... en fin, mellor calar...

HOME

(*MIRANDO PARA ELA*). Non sei quen é ese tipo que dices, pero por un momento non me importou selo. (*MIRA PARA TODOS, QUE SE ADIANTAN CARA A EL*) ...Pero non o son.

EMPRESARIO

¿Quen es logo? Ou quen dis que es daquela...

HOME

¿E que é necesario ser alguén para non ser outra persoa? ¿Non abonda con non selo? Eu non son ninguén, e con iso debera abondar.

MORTE

(*RAÑANDO A CABEZA*). Iso non llo entendín.

PECADO

Eu tampouco, pero parece filosofía.

EMPRESARIO

(*POLO BAIXO, A GRACIA*). É raro no Home Inocente. Era máis ben ignorantiño.

GRACIA

(*INCOMODADA, IRÓNICA*). Ó mellor mercou un libro co que nos roubou. ¡Veña! ¡Non perdamos máis o tempo!

HOME

(*APURADO*). De acordo, de acordo. Direivos quen son...

GRACIA

E ben... ¿Quen es?

EMPRESARIO

Iso ¿quen es?

MORTE

Iso.

PECADO

(*CUN SALAIO*). A min xa tanto me ten.

HOME

Eu son... (*IMPROVISA*) un... peregrino.

EMPRESARIO

¿Peregrino?

GRACIA

¿Peregrino?

HOME

Si, un peregrino a Compostela...

EMPRESARIO

E logo ¿onde está o teu cabazo, e o caxato, e a vieira? En fin... a iconografía xacobeá.

HOME

(*IMPROVISANDO*). Eu... peregrino de incógnito.

MORTE

E ¿para que peregrina un de incógnito? ¿Para que non lle perdoen os pecados?

HOME

É que... os meus pecados son horribles.

PECADO

(*MEDIO NAMORADA*). Non o creo. Non o podo crer.

GRACIA

Pois mellor... máis de que presumir.

EMPRESARIO

Un momento (*MOLLA O DEDO EN SALIVA*) Pero... Santiago queda na outra dirección. Do lado de alá.

PECADO

(*MARABILLADA*). ¡Peregrina dando a volta ó mundo!

TODOS MIRAN PARA ELA.

HOME

Non. A verdade é que me perdín.

EMPRESARIO

Daquela andas nas mesma ca nós. Nós tamén nos perdemos.

HOME

¿Non sabes onde estamos?

EMPRESARIO

¡Que imos saber! (*TIRA DE LIBRO*) Temos un exemplar do *Códice Calixtino*, que é a guía dos romeiros que van a Compostela...

HOME

(*DE SÚPETO NERVIOSO*). ¿O... *Códice Calixtino*?

EMPRESARIO

Si, pero parece ser que é unha edición defectuosa. Aquí falta polo menos unha páxina e ten moitas erratas.

HOME

(*MÁIS NERVIOSO*). ¿Moitas... erratas?

EMPRESARIO

Si, erratas. É como se lles chama ás equivocacións cando as comete un home estudiado. Erratas... (*MÓSTRALLE O LIBRO*) ¿Viches? Aquí non hai quen se aclare con este mapa... e as explicacións están en letra tan pequena que non se entende nada. Para ben ser tiña que estar en letras grandes...

HOME

Ah, pois si... é certo.

EMPRESARIO

Así é todo... canto mellor eran os manuscritos. Desde se inventou a imprenta...

HOME

Levades razón, levades razón. Canto mellor son as cousas de antes. (*CAMBIANDO DE CONVERSA*) E.... logo ides para Compostela.

EMPRESARIO:

Si. Nós somos a Compañía burgalesa de...

HOME

(*INTERROMPE, ANSIOSO*). ¿A Santiago?... (*PARA SI*) Santiago.

EMPRESARIO

Temos que representar unha peza alí. Nas festas do Apóstolo.

GRACIA

Pero se esto o sabe de sobra el.... ¡Que é o Home Inocente!

EMPRESARIO

Non sei. Estouche por dubidar. Este home non fala igual que aqueloutro. Nin razoa igual. E que é un home máis que a súa razón e as súas palabras.

HOME

Certo. Pode haber dous homes iguais no mundo...

GRACIA

¿Dous homes iguais? ¡Ha!

HOME

(*ANIMADO POR TER ATOPADO O FÍO DESTA ARGUMENTACIÓN*). ¿Por que non?... Vos sodes xente do teatro. ¿Non coñecedes as comedias de Plauto, de Terencio, de Shakespeare...?

MORTE

(*AMARGURIADO*). ¿Que é iso do teatro? Nós facemos Autos Sacramentais e Danzas da Morte...

EMPRESARIO

Eu de Shakespeare sentín falar, e de Plauto paréceme que tamén... Pero non sei onde... (*PENSANDO*) Seica foi aló en Burgos, pero non estou certo.

GRACIA

Si, home, si. ¡Ti que ías sentir falar nada!

HOME

Terencio escribiu unha obra na que dous irmáns, separados polos piratas na infancia...

PECADO

¡Ah, si! Esa coñézoa ben eu... é moi romántica.

HOME

Ben, pois nesa obra, os dous irmáns van parar a sitios distintos. Un convértese... (*NON SE LEMBRA*)...

EMPRESARIO

¿En que?

HOME

(*INVENTA*). En... comerciante de viños, e o outro...

MORTE

(*INTENTANDO ACERTAR, COMO UN NENO*). ¡E o outro tamén, en comerciante de viños!

GRACIA

(*MOLESTA*). Que non, home, que non. ¿Non che dixo que ían parar a sitios distintos?

MORTE

Nunca acerto nada... *Bueno* ó mellor é outra marca de viños distinta...

HOME

¿Podo seguir?

EMPRESARIO

Pode.

HOME

Ben. Pois pasan os anos e o comerciante faise rico, e ten negocios con... América, creo. E entón os barcos que levan o seu viño son atacados polos piratas.

EMPRESARIO

¿Iso non é *El Cisne Negro*?

HOME

Non. E entón o comerciante fai que a Mariña capture ós piratas que lle rouban nos barcos.

MORTE

Mellor, porque en América debían xa de estar moi *cabreados*.

HOME

É un día pola mañá, en Atenas. Soan os tambores... (*EFECTO SONORO DE TAMBORES, REDOBRES*)

MORTE

(*INTENTANDO ACERTAR*). ¡É a Semana Santa!

HOME

Non, van executar ó pirata. E daquela, o comerciante asómase á ventá para ver a execución. Alí está o pirata condenado a morte e o verdugo que lle pon a corda arredor do pescozo. Co nó a carón da orella esquerda, como fan os máis experimentados. E de repente dá un berro e manda

parar todo. (*PARA EN SECO O EFECTO SONORO DOS TAMBORES*) ¡Era o irmán!, ¡aque! que os piratas secuestraran con el de neno!

PECADO

Non, non era esa a que eu sabía.

MORTE

(*EN BAIIXO, PARA GRACIA*). Pero non entendo. Se o verdugo era o irmán del...

GRACIA

(*EN BAIIXO*). Que non, home, que non era o verdugo. Era o pirata.

MORTE

(*EN BAIIXO*). Ai, era o pirata.

EMPRESARIO

Entendo o que nos quere dicir con esta historia... (*UFANO*) Que por outra parte eu xa lera...

GRACIA

Leras, na caixa dos mistos...

HOME

Quería explicar que un home pode non ser outro e sen embargo parecerse.

GRACIA

Pero daquela, ti terías que ser o irmán xémeo do noso ladrón.

MORTE

(*OUTRA VEZ AGRESIVO*). ¡Iso, dinos onde está o teu irmán! ¡Ti tés que sabelo!

HOME

Non. Non é o meu irmán. Pode haber dúas persoas iguais no Mundo sen que sexan irmáns.

GRACIA

(*A PARTE*). E fóronnos tocar os dous a nós...

PECADO

(*CHEGANDO CON DIFICULTADE A UNHA CONCLUSIÓN*). O que ti dis sería... ¡un milagre!

HOME

Non, iso sería unha casualidade.

PECADO

(*MIRÁNDOO FIXO*). ¿E que diferenza hai?

HOME

(*TAMÉN A MIRA SÓ A ELA, EMBELESADO*). Que a casualidade é o milagre das matemáticas.

Non ten moral. Non premia nin castiga. A casualidade é en realidade o contrario do milagre.

GRACIA

¿Hai outra comedia sobre iso?

HOME

Non hai.

GRACIA

Daquela...

HOME

Non a hai porque a casualidade é o sangue de todas as comedias.

MORTE

(*APARTE*). Eu estas cousas... non sei se é que non as entendo ou se é que eles se explican mal.

GRACIA

(*Ó HOME*). Non me marees á rapaza con filosofías, que xa bastantes paxariños lle chían na cabeza.

HOME

(*SENTENCIOSO*). Comprender o mundo é un deber das criaturas intelixentes.

GRACIA

Pois, señor Galileo Galiei, eu aquí conto polo menos tres que están relevados dese deber.

EMPRESARIO

(*OFENDIDO*). Home, Gracia... tres, tanto como tres.

GRACIA

Podían ser catro, pero daquela ti habías ser a metade deses catro.

HOME

(*PREGUNTANDO ÓS OUTROS, REFERÍNDOSE A GRACIA*). ¿Quen é esta muller con tan mal xenio?

EMPRESARIO

É a miña muller.

HOME

(*MIRA PARA O EMPRESARIO*). Todo se explica. ¿E non había outra?

PECADO

Hai unha novela na que pasa o que el conta. É unha novela moi romántica.

EMPRESARIO

(*A PECADO*). ¿Cal novela?

HOME

Chámase... "*Historia de dos ciudades*". E é de Dickens. Eu lina en Burgos, en *Joyas Literarias Juveniles*, que custaba tres pesos.

MORTE

¡Ah, encántame a de "*David Copperfield*". Non sei, é... como a miña infancia.

PECADO

Pois en "*Historia de dos ciudades*", o secretario dun avogado faise pasar por outro home no cadafalso.

MORTE

Non o entendín (*ÓS OUTROS, REFERÍNDOSE Ó HOME*) ¿É este o axudante dun avogado?

EMPRESARIO

Iso que contou si que é certo. Eu esa novela, lina.

GRACIA

Pois si que tes ti cada cousa...

OS ACTORES APÁRTANSE DO HOME PARA FALAR ENTRE ELES.

EMPRESARIO

O que di é posible. Eu digo que o deixemos a proba.

GRACIA

(*IRÓNICA*). Moi ben, se nos rouba outra vez é que era el.

MORTE

Eu creo que non é o que nos roubou, pero penso que se é o irmán xémeo hanos roubar igual. Dígoo pola educación que lle terán dado os pais. E non creo que porque sexa axudante dun avogado...

PECADO

(*INTERROMPENDO*). Eu sei que é inocente. Seino no corazón.

GRACIA

Filla. O corazón estache case sempre peor informado que o resto do corpo. Mírame a min, o que teño que carretar (*REFERÍNDOSE Ó EMPRESARIO*) Pero, en fin. De acordo. Non será el. Total, se cadra ata nin nós somos quen cremos. Necesitamos un actor e supoño que calquera vale.

O EMPRESARIO VOLVE CARA Ó HOME. LOGO IRANSE INCORPORANDO O RESTO.

EMPRESARIO

¡Ben! (*Ó HOME*) ¡Xa ves que xa estás contratado!

HOME

¿O que?

EMPRESARIO

Que estás contratado.

HOME

Contratado ¿Para que?

EMPRESARIO

Como actor. Na nosa compañía.

HOME

Pero... eu non quero ser actor. Eu son...

PECADO

Dixeches que non tiñas familia, nin oficio. Nós somos coma unha familia e isto que facemos é... como un oficio.

HOME

Estímovolo ben. Pero eu non sei nada do voso oficio.

EMPRESARIO

Pois antes ben que te explicabas falando do teatro e das novelas e todo iso.

HOME

Ben, pero iso é outra cousa. Gústame ler libros. Pero facer que son outro non creo que me saia.

GRACIA

Pois calquera o diría.

EMPRESARIO

Ben mirado, es xa un actor. Que outra cousa é a confusión de identidades. É como o teatro, pero involuntario. É a mesma cousa.

HOME

Si, pode ser, pero...

EMPRESARIO

Morra o conto. Nós xa te contratamos. Iso si. Pagar non che podemos pagar moito. Non sei en que cifra estarías pensando ti...

HOME

(*COLLIDO POR SORPRESA*). Eu... en ningunha.

GRACIA

Pois mira ti que ben, porque iso é xusto canto che imos pagar...

EMPRESARIO

(*XUSTIFICÁNDOSE*). Como ese que se parece a ti levounos todo o que temos...

HOME

Non sei se hei saber facelo...

MORTE

Veña, home. Para este traballo váleche calquera. Aínda se fosen comedias... Pero para o teatro alegórico, con poñer cara seria e falar en verso...

EMPRESARIO

¡Ben! ¡Hai que apurar que o tempo corre! ¡Pecado! ¡Colle ó Home Inocente e vaino vestir co que quedou do outro! ¡Morte!

MORTE

¿Si, señor empresario?

EMPRESARIO

Vaile explicando o que ten que facer.

MORTE

Si. (*PÁRASE*) ¿E que ten que facer?

EMPRESARIO

Ten que facer de Apóstolo Santiago. É o último milagre do Apóstolo, e el ten que facer de Apóstolo.

DESAPARECEN DETRÁS DO CARRO O HOME, PECADO E MORTE. TAMÉN GRACIA. O EMPRESARIO QUEDA SÓ. SACA UN PAPEL DO PETO E EMPEZA A LER.

EMPRESARIO

(CARA Ó PÚBLICO). Ben. Andando... ¡Distinguido público! ¡nobre concorrência! *(A UN LUGAR INDETERMINADO)* ¡Autoridades municipais! *(A OUTRO LUGAR)* ¡Señor arcebispo! *(FAI UNHA PAUSA)* ¡Miñas donas, meus señores!... Esta humilde compañía burgalesa vai representar... ¡O último milagre do Apóstolo Santiago! ¡Por escoitar, nada se perde!

AS LUCES APÁGANSE. COMÉZASE A ESCOITAR A VOZ DO EMPRESARIO, DECLAMANDO.

EMPRESARIO

*Miñas donas, meus señores
deixádenos contar a historia
da batalla de Clavijo
recitada de improviso
e confiando na memoria.*

PRÉNDENSE AS LUCES E VEMOS A PECADO E Ó EMPRESARIO CON TURBANTE E TÚNICA, VESTIDAS COMO SE FOSEN SARRACENOS.

GRACIA

*Veredes ós mouros infieis,
milagres veredes e morte,
e veredes o rei Ramiro
que reinaba no Tercio Norte.*

APARECE MORTE, VESTIDO DE REI CRISTIÁN, QUE SE DEITA NO CHAN. PECADO QUITA O TURBANTE E AVANZA CARA Ó PÚBLICO.

PECADO

*Xa é a noite do combate
é a véspera do torneo
e os asturianos dormen
tranquilos, máis ou menos.*

O EMPRESARIO AVANZA CARA Ó PÚBLICO.

EMPRESARIO

*Soñando con glorias guerreiras
con cobertores de pano
sobre unha almofada de plumas
roncaba o rei asturiano.*

DE REPENTE UNHA LUZ SOBRENATURAL INVADEN O ESPACIO ONDE ESTÁ O REI RAMIRO, QUE ESPERTA E ESFREGA OS OLLOS.

EMPRESARIO

(*POÑENDO UNHAS GAFAS DE SOL*).

Eis que mentres roncaba

unha luz se lle aparece.

É o varón Santiago.

O que tantos milagres feze.

ESCÓITASE UNHA VOZ EN OFF.

VOZ

(*OFF, FORTE E POTENTE*).

¡Escoita, rei asturiano!

EMPRESARIO

“¡Escoita, rei asturiano!

¡ti de rezar a Deus coida!

¡non debes temer na batalla!

¡que eu hei facer... o que poida!”

APÁGASE REPENTINAMENTE A LUZ. O EMPRESARIO QUITA AS GAFAS. ADIÁNTASE PECADO.

PECADO

(*NUN TON CASE COLOQUIAL*).

Pero, entre que lle falou en latín,

e durmido como estaba

o rei dos asturianos

non entendeu nada de nada.

E así foi que ó rachar o día

ó rei e ós seus soldados

o inicio das hostilidades

non os colleu confesados.

ESCÓITANSE TAMBORES, RUÍDO DE CABALOS E ESPADAS, BERROS. EFECTOS DE LUCES PARA RESALTAR A BATALLA, NA QUE PARTICIPAN OS OUTROS ACTORES (MENOS O HOME, QUE AÍNDA NON APARECEU). O EMPRESARIO AVANZA PARA RECITAR.

EMPRESARIO

¡Que batalla, miñas donas!

¡que combate, meus señores!

¡Escoitade os berros de angueira

os pínfanos e os tambores!

O mouro non dá tregua

o cristián non a pide

córtanse brazos e pernas,

...e outras partes, inclusive.

AVANZA GRACIA PARA RECITAR.

GRACIA

*Os mouros, envalentonados
os cristiáns sen defensa,
os primeiros compases do encontro,
dan paso a unha calma tensa.*

PARAN UN MOMENTO MORTE E PECADO, QUE ESTABAN PELEXANDO. AGARDAN UN INSTANTE. ESCÓITASE UN GONG COMO OS DOS COMBATES DE BOXEO E VOLVEN A PELEXAR.

EMPRESARIO

*Daquela, os mouros atacan,
os cristiáns están en fuxida.
O rei Ramiro non da abasto
a Cristiandade está perdida.*

MORTE, VESTIDO DE REI RAMIRO, AVANZA E RECITA.

MORTE

*Cando os mouros cantan victoria
e dan vivas ó seu Profeta
só un milagre, e dos bos,
solucionara a papeleta.*

MORTE VOLVE Á SÚA ACTITUDE GUERREIRA. PECADO AVANZA.

PECADO

*E foi entón que estalou,
un trebón impresionante
con grande aparato eléctrico
e chuvascos abundantes.*

*EFFECTOS SONOROS DE TREBÓN, TRONOS E LÓSTREGOS, EFFECTOS DE LUCES.
TODOS SE QUEDAN MIRANDO PARA ARRIBA.*

PECADO

*Montado nun cabalo branco,
falando cun fondo falar,
dille ó rei asturiano...*

APARECE O HOME VESTIDO COMO SANTIAGO APÓSTOLO. NESE MOMENTO ESTOUPAN OS TRONOS E OS LÓSTREGOS.

HOME

(EN REALIDADE VOZ EN OFF, A DE ANTES). ¡Eu son o Apóstolo Santiago, que tomei o teu lugar!

TRONOS, LÓSTREGOS. OS OUTROS TRES MIRAN ABRAIADOS. GRACIA E PECADO BERRAN. O EMPRESARIO E MÁIS A PORTE CAEN DE XEONLLOS. CALAN OS TRONOS E PARAN OS LÓSTREGOS.

HOME

(*TRANQUILO, SORPRENDIDO*). ¿Que foi?

PECADO

(*ASUSTADA*). Dixo que... viña de moi lonxe e non o cremos...

MORTE

(*ASUSTADO*). É el, e nós chamámoslle ladrón.

PECADO

(*ASUSTADA*). E eu biqueino nos labios.

GRACIA

(*ABRAIADA*). Colleu o lugar do actor que o representaba...

MORTE

Como no milagre...

EMPRESARIO

(*FELIZ*). ...Teño un discípulo de Cristo contratado na miña compañía...

GRACIA

(*Ó EMPRESARIO*). Cala, por Deus, que nos perdes.

MORTE

¡Cómame o demo se non cría que estas cousas non pasaban máis que nas nosas obras!

HOME

(*SOLEMNE, COA SÚA VOZ*). Erguédevos. Eu volo ordeno.

PECADO

Se algún mal fixemos... Foi por ben. Non foi por mal.

EMPRESARIO

Si, aínda que pareza contradictorio.

PECADO

¿Como puiden non coñecelo? Está cuspidiño, cuspidiño ó dos retratos dos pórticos...

MORTE

Encarnarse nun simple actor de reparto... ¡que grande paso no recoñecemento do noso humilde gremio!

GRACIA

¿Queredes calar a boca? Seica ven para nos fulminar a todos polo mal que o sacamos nas obras.

MORTE

(*ENTRE ELES*). ¿E por que? Eu digo de aproveitar e pedirlle cousas, a ver que pasa.

HOME

(*TIRA CON TODO O QUE LEVA POSTO, AGORA XA EN SERIO*). Pero, home. Por Deus.

¿De verdade credes que son eu o Apóstolo? (*VAI CARA A ELES, ELES ESCÁPANLLE*) ...¡Deus Santo! ¡Eu non son un ladrón, nin tampouco un Apóstolo! ¿E que en Burgos non tedes termos medios para nada?

EMPRESARIO

Home, recoñeceredes que, dadas as circunstancias... ou unha cousa ou a outra.

HOME

¡Non tal! ¡Ningunha das dúas! ¡Eu non son un Santo! Si, pode ser que me asemelle ó Apóstolo Santiago. Pero calquera pode parecerse a calquera unha noite nun bosque cando se está perdido.

MÍRANSE UNS ÓS OUTROS.

GRACIA

(*ABRINDO AS MANS*). Eu... francamente, creo que é o Apóstolo...

EMPRESARIO

Eu xa non sei...

PECADO

Que o demostre, como antes.

HOME

(*FARTO*). ¿Outra vez a mesma historia?

MORTE

Iso, que demostre que non é o Apóstolo.

GRACIA

¿E como se demostra iso, que un non é o Apóstolo? Non creo que se den moitos casos.

MORTE

¡Xa está! Que blasfeme. Que blasfeme algo do Apóstolo.

HOME

¡Non quero!

MORTE

¡Veña, que blasfeme!

EMPRESARIO

Non, non. Mellor non. Que se cadra aparece o de verdade.

HOME

Douvos a miña palabra de que se fose o Apóstolo, ou un ladrón, ou o emperador de Francia, diríavolo...

TODOS QUEDAN MIRANDO PARA EL.

HOME

Non, non son emperador de Francia.

GRACIA

(*INCOMODADÍSIMA*). ¿Quen-carallo-es-entón?

HOME

Eu...

GRACIA

¿Ti?

HOME

Eu... (*TODOS SE POÑEN PENDENTES DO QUE VAI DICIR*) ...Non o sei. (*DECEPCIÓN XERAL*)

EMPRESARIO

(*CON VOZ DE MISTERIO*). Se cadra é amnésico...

GRACIA

(*PARODIÁNDOO*). Se cadra nós somos parvos.

HOME

Non sei quen son, pero si quen me gustaría ser. ¿Cal das dúas cousas é máis importante, realmente? Nacín e vou morrer. ¿Tanto importa o que hai no medio?

EMPRESARIO

Home, eu diría que importa bastante. Iso é... a vida.

HOME

¿E quen escolle a vida? ¿E quen escolle ser o que é? Eu non.

GRACIA (*AMOLADA*)

Eu non.

MORTE

Eu tampouco, eu quería facer comedias.

PECADO

Tampouco eu.

EMPRESARIO

(*INXENUAMENTE*). Eu si, antes era carpinteiro.

A MORTE QUEDA MIRANDO PARA UN LADO DO ESCENARIO. ACHÉGASE O EMPRESARIO.

EMPRESARIO

¿Que pasou?

MORTE

Creo que... que hai alguén aí.

EMPRESARIO

¿Como que hai alguén?

MORTE

Si, alguén que nos espía.

EMPRESARIO

¿Onde?

MORTE

(*SINALANDO UN PUNTO INDETERMINADO NESE LADO DO ESCENARIO*). Aí... ¡Ei!

¡Agarda! ¡Non marches!

PECADO

(*AVECIÑÁNDOSE TAMÉN*). ¿Quen é?

MORTE

Non sei... alguén.

EMPRESARIO

(*MEDIO ASUSTADO*). Parece que vén para acá.

BÓTANSE TODOS UN POUCO PARA ATRÁS. O HOME ESTÁ NO OUTRO EXTREMO DA ESCENA E NON PARTICIPA NELA, MIRA DESDE LONXE.

ENTRA EN ESCENA UNHA MULLER CUBERTA CUNHA CAPA, A CABEZA TAPADA POLA CAPUCHA. ENTRA A MODO, COMO TEMEROSA. É PERDÓN DIVINO.

EMPRESARIO

(*ASUSTADO*). ¡Non te achegues máis!

PERDÓN DIVINO

(*HUMILDE*). Son eu.

GRACIA

(*Ó EMPRESARIO*). ¿Quen dixo que era?

EMPRESARIO

Dixo que era ela.

MORTE

¿E quen é ela?

PERDÓN DIVINO QUITA A CAPUCHA, É UNHA RAPAZA NOVA. TODOS SE BOTAN CARA ADIANTE, SORPRENDIDOS.

TODOS

¡Perdón Divino!

PERDÓN DIVINO

(*AVERGOÑADA*). Si, Perdón Divino.

GRACIA

(*RECUPERANDO A IRONÍA*). A ver se esta tamén vai ser outra que se lle parece...

MORTE

(*TOMÁNDOA EN SERIO*). É certo, ó mellor se cadra non é ela.

PECADO

(*MOI SUSPICAZ*). Si que é ela, si.

MORTE

Ó mellor tamén é irmá xémea dun avogado, ou como fose iso.

PERDÓN DIVINO

Tiña frío e...

HAI UN MOMENTO INICIAL DE DÚBIDA, NINGÚN SABE QUE FACER.

EMPRESARIO

(*BONDADOSO*). Pasa, filla, pasa e quence as mans (*BUSCANDO A APROBACIÓN DE GRACIA*) ¿Non si?

GRACIA

(*RESIGNADA*). *Bueno*, eu creo que o que deberíamos quentarlle eran as orellas, pero, en fin. Xa que ela fai de Perdón Divino, pois haberá que disimular, como sempre, por outra parte.

EMPRESARIO

Veña, muller, parece arrependida.

GRACIA

Eu si que che estou arrependida, que ó mellor a próxima que se fuga sonche eu.

QUENTANDO AS MANS NO LUME, PERDÓN DIVINO EMPEZA A FALAR SEN ALEGRÍA. A ILUMINACIÓN DEBE RESALTAR QUE É UN MOMENTO UN TANTO ROMÁNTICO E TRISTE DA OBRA. AS DÚAS MULLERES NAMORADAS, MÁIS CA DISCUTIR ENTRE ELAS, QUÉIXANSE POR TURNO.

PERDÓN DIVINO

Tedes razón en me odiar. E se non me queredes perdoar, enténdoo. (PAUSA) Díxome que me ía levar con el, que habiamos de ir a Aquitania. E eu sentira falar tanto de Aquitania, do fermoso que é e de que sempre fai sol.

MORTE

(*INXENUAMENTE, A GRACIA*). ¿E que é iso de Aquitania?

GRACIA

Normalmente éche un sitio, pero neste caso e en boca dun home como aquel, vai ti saber o que significa...

PERDÓN DIVINO

Eu sentín dicir que alí todo o mundo é poeta e todas as mulleres *castellanas*.

GRACIA

(*APOSTILA, PARA OS OUTROS*). Todos os homes poetas, pois si que é para ir confiada...

PERDÓN DIVINO

(*PONSE EN PÉ E VAI CARA Á FRONTE DO ESCENARIO, SÍGUEA PECADO*). ...Que alí todo o día se pasa en cantar e comer cereixas. E que cereixas hainas de todos os tipos: ambroesas, molariñas, mourás, pedresas, sampaiñas. E a todo o que se come bótaselle mel, e que só neva un día cada ano, e só por variar, e todas esas cousas que engaiolan a unha moza. Eu nunca vin nada diso.

PECADO

(*EVOcando, Ó SEU CARÓN A LUZ SÓ AS ILUMINA A ELAS*). A min tamén me falou de todas esas cousas, e tamén das cereixas. E mesmo me fixo ver unha, que era dun tipo que eu nunca vira. E deuma a comer e sabía como nunca antes me soubo cousa ningunha e foi e díxome: “Éche dunha caste que aquí non hai, que aínda non chegou a moda”.

PERDÓN DIVINO

(*TAMÉN SEN MIRAR PARA ELA*). Si, a min tamén me deu a probar unha cereixa. E díxome que só tiña esa.

PECADO

(*MIRANDO PARA PERDÓN DIVINO, MEDIO INCOMODADA*). ¡Si, pero a min non me levou e a ti si! (*APÁRTASE*)

PERDÓN DIVINO

Si, pero a min abandonoume e a ti non.

PECADO

A min xurárame amor eterno.

PERDÓN DIVINO

Todos os amores son eternos... mentres duran. E xa ves o que durou o que me tiña a min. O tempo de chegar a unha pousada.

PECADO

O que pasa é que ti o engaiolábalo porque es máis nova e sabes mover os ollos dunha maneira. E sorrís así. (*FAI UN SORRISO FORZADO*)

PERDÓN DIVINO

Si, eu facía que ría, pero ti facías que chorabas, e poñías cara triste, todo por namoralo.

PECADO

¿E ti logo non?

PERDÓN DIVINO

¿E que? Xa ves que non quería a ningunha.

ACHÉGASE O EMPRESARIO

EMPRESARIO

¿E que foi o que sucedeu?

PERDÓN DIVINO

(*LEMBRANDO CON DIFICULTADE*). Sentín un ruído na noite e vino que marchaba. Viume el tamén e como o vin fugar na bolsa mandoume calar co dedo. Dixo que xa me ía espertar para levarme consigo... e eu crino.

PECADO

(*CONTENTA*). ¡Logo non te levou! Ó mellor era a min a quen quería levar.

PERDÓN DIVINO

Díxome que cos traxes e cos cartos habíamos de nos facer pasar por un duque e unha duquesa en Compostela, e facer gasto.

PECADO

Si, que habías ti pasar por duquesa...

GRACIA ACHÉGASE ONDA ELAS.

GRACIA

Toda muller namorada séntese como unha duquesa. Niso non hai burla.

PERDÓN DIVINO

No monte usou de min e logo deixoume abandonada. Díxome que ía mirar desde un outeiro, por saber se xa se vían as luces de Compostela. Pero cando fun ver non estaba el, nin había luces.

DA ESCURIDADE SAE O HOME, MIRANDO FIXO PARA PERDÓN DIVINO.

HOME

(COMO CONTINUANDO O QUE EMPEZOU PERDÓN DIVINO). Aí non dixo mentira ningunha. Non había luces en Compostela esta noite. Acabouse a graxa de balea e ían buscar máis ós portos do norte de Lugo.

PERDÓN DIVINO SOBRESÁLTASE Ó VELO. TRAS UN MOMENTO DE SORPRESA VAISE CONTRA EL.

PERDÓN DIVINO

(PEGÁNDOLLE). ¡Canalla!, ¡trampulleiro!, ¡ladrón!

OS OUTROS FAN POR SEPARALOS.

TODOS

Non, que non é el. / Espera, non. / Para, que é outro. / Tranquila, filla.

AGARRAN A PERDÓN DIVINO E APÁRTANA. O HOME SIGUE A MIRALA FIXO, SEN INMUTARSE.

PERDÓN DIVINO

(BERRANDO). ¡Pero, que facedes! ¡Deixádeme que o mato! ¡Voulle arrancar as tripas! ¡Voulle sacar os ollos! ¡Vou....!

EMPRESARIO

Que non, que non é el. Este éche un home que apareceu por aquí e que se lle parece moito.

MORTE

É o irmán dun avogado.

PECADO

Parécese pero non é.

GRACIA

Ou polo menos iso di.

MORTE

Ata pensamos que era o Apóstolo e todo.

PECADO

É un peregrino, que peregrina de incógnito.

PERDÓN DIVINO CÁLMASE E SÓLTANA. VAI CARA A EL, PARA EXAMINALO. DÁ VOLTAS Ó SEU REDOR, MIRÁNDOO.

PERDÓN DIVINO

Díxovos que non era el... Que é un peregrino... ¿E vos crésteslle? *(MIRA PARA OS DEMAIS)*

TODOS SE ENCOLLEN DE OMBROS.

EMPRESARIO

Pois.

PECADO

(DECIDIDA). ¡Si!

MORTE

Ben...

GRACIA

(CONDESCENDENTE, REFERÍNDOSE ÓS OUTROS). Estes si.

HOME

(*MIRÁNDOA A ELA, CASE DESAFIANTE*). E ti ¿que pensas?

PERDÓN DIVINO

(*EXAMINÁNDOO*). A estatura é a mesma, o cabelo é igual. Os ollos... os ollos son distintos. (MISTERIOSA). Pero os ollos son sempre distintos, porque depende de como un mire. E el, cando actuaba, cando facía de Home Inocente miraba dunha maneira, e logo, cando falaba, cando falaba comigo... doutra.

PECADO

(*Á PARTE, CARA Ó PÚBLICO*). E a min namorábame como a miraba a ela...

PERDÓN DIVINO

E a min namorábame como miraba cando facía de Home Inocente. E logo vin que as dúas miradas eran mentira. E que tiña aínda outra máis... Pero este... Ten algo parecido na mirada, si. Pero pode ser porque tamén el minte. Que o diga el (*Ó HOME, CON TENRURA*) ¿Amáchesme ti e deixáchesme logo, no camiño de Compostela?

HOME

(*MIRANDO PARA ELA, ENGAIOLADO*). ¿Quen o sabe? Se non te amei podía terte amado. E se cadra que non, ó mellor amareite nun futuro. ¿Quen sabe para onda vai o tempo e que é o que busca?

GRACIA

(*SORPRENDIDA*). ¡Pero! ¿Que está dicindo?

EMPRESARIO

¡É un tolo!

PERDÓN DIVINO RI.

PERDÓN DIVINO

Non, non é el.

PECADO

¡Si que o é, que a mirou da mesma maneira! ¡Si que o é! ¡É o Home Inocente!

EMPRESARIO

Non o é. É imposible, falando así.

PECADO

¡Si que é el! ¡Estavos enganando! ¡Puxéronse de acordo para volver e facer esta escena!

GRACIA

(*COLLE A PECADO, MATERNAL*). Filla...

EMPRESARIO

(*Ó HOME*). ¿Por que fas isto? ¿Quen es en realidade?

HOME

Non podo dicilo.

PERDÓN DIVINO

Que importa que queiramos dicir quen somos ou non. Todo o levamos escrito no rostro.

MORTE

(*A EMPRESARIO, BAIXO*). Esta vaino averiguar, que é medio bruxa.

HOME

E ti ¿que é o que les no meu rostro?

HAI UNHA PAUSA TENSA NA QUE PERDÓN DIVINO VOLVE A MIRALO FIXO, CON EXPRESIÓN CONCENTRADA.

PERDÓN DIVINO

Escapaches... Dun palacio... Onde tiñas unha escolta de soldados... Ías participar nunha cerimonia... Pero, algo sucedeu... E ti es... (*CON ESFORZO*) ti es...

TODOS SE ACHEGAN INTERESADOS.

GRACIA

(*ACHEGÁNDOSE, INQUISITIVA*). ¿Quen é? ¡Díó!

PECADO

(*O MESMO*). ¿Quen é?

MORTE

¡Si, que o diga...!

HOME

(*BAIXANDO A CABEZA, COMO MURMURANDO*). Un príncipe.

TODOS SE MIRAN ENTRE SI.

MORTE

(*DESCONCERTADO*). ¿Que dixo?

GRACIA

¿Un príncipe?

MORTE

¿Como un príncipe? ¿Quere dicir... un príncipe aristocrático?

HOME

Si, un príncipe aristocrático.

EMPRESARIO

¡O fillo dun rei!

PECADO CAE, ESVAÍDA.

GRACIA

(*ATENDÉNDOA*). ¡Coitada! ¡Bicou a un príncipe! ¡É a ilusión de toda a súa vida!

EMPRESARIO

(*NERVIOSO*). ¡Non pode ser, non pode ser! ¡Esto si que non! ¿Como é posible que sexas un príncipe? Calzas coma un pobre, vas mal vestido, non tes cartos e estás perdido nun bosque. Os príncipes van de a cabalo, locen xoias, levan o pelo cortado a media melena...

MORTE

(*ALZANDO A MAN ESQUERDA, CO ÍNDICE ESTENDIDO E BALANCEÁNDOA LIXEIRAMENTE*). Si, fan así cando cabalgan.

EMPRESARIO

E teñen mapas, e portulanos, e agullas de marear, e astrolabios. Sempre saben onde están e onde van. Non coma nós, que nos perdemos cada pouco e cando sabemos onde estamos temos que marchar para outro lugar.

HOME

Si, así é (*ABATIDO*). Pero eses son só unha clase de príncipes.

GRACIA

¿E cantas clases hai?

HOME

(*CONTA COS DEDOS*). Dúas.

GRACIA

Moitas non che son.

HOME

Só hai esas dúas. Os afortunados e os desafortunados.

MORTE

E eses que dicimos ¿cal son?

HOME

Eses son os afortunados.

GRACIA.

E ti es dos outros, claro.

PECADO ACORDA.

PECADO

(*RECUPERÁNDOSE*). Un príncipe, un príncipe.

HOME

(*TOMANDO AIRE*). Eu son un dos máis desafortunados de todos. Son rico, si, pero en cousas perdidas, non teño máis cortesáns que as moscas e so me obedecen os meus pés, e para iso non sempre.

PECADO

(*COMO SEMPRE*). Eu... creo que é un príncipe.

GRACIA

Outra vez. (*DÉIXAA CAER*)

MORTE

(*A GRACIA*). ¿E por que perdeu o reino?

GRACIA

¡Eu que sei! ¡Ó mellor regalouno!

EMPRESARIO

(*QUE VAI ONDA ELES*). A min vaime tolear. Tan pronto é un ladrón como un santo, como que pertence á clase ociosa.

MORTE

Pero ¿E se é certo?

PERDÓN DIVINO

(*VOLVENDO A MIRALO*). En verdade, ten o porte dun príncipe.

PECADO

(*POÑÉNDOSE ENTRE ELES*). ¿E ti que sabes de príncipes?

PERDÓN DIVINO

¿E que sabes ti? ¿O que les nas novelas?

EMPRESARIO

Se non posúe un reino, ¿que máis ten se é un príncipe ou non? É pobre coma nós.

PECADO ANDA ROLDANDO Ó REDOR DO HOME.

GRACIA

Pero, ¡que reino nin que reino! ¿De verdade que o credes? Que vai ser príncipe.

EMPRESARIO

(*A GRACIA, EN BAIXO*). Déixalle explicar. A ver que inventa esta vez. (*Ó HOME*) Como dicimos nós ó comezo dos nosos espectáculos, por escoitar nada se perde. Vexamos cal é a túa historia.

HOME

Non, non quero atristurarvos cas miñas coitas.

GRACIA

Claro ¡Como nós estamos tan contentos!

PERDÓN DIVINO

Sigue habendo algo en el que...

PECADO

(*INDO ONDA EL*). ¡Deixádeo! ¡Ó mellor é un peso que lle oprime o peito, ou unha ferida na que furgamos cun coitelo.

GRACIA

Ou ó mellor é que non se lle ocorre nada.

MORTE

Ou sei que é o actor que tiñamos e que nos roubou e que... (*COLLE A GADAÑA*)

HOME

(*INTERROMPE*). ¡Non! ¡Contareivos a miña historia!

EMPRESARIO

Ben, pois veña logo.

HOME

(*Ó PRINCIPIO TÍMIDO E VACILANTE, LOGO CON SEGURIDADE*). Ben, daquela... o meu pai era o rei...

GRACIA

Si, iso xa o sabemos.

MORTE

¿Como o sabías?

GRACIA

¡Home! se é un príncipe, ¿que vai ser o pai, cantante de coro?

HOME

(*SEN FACER CASO*). Era rei, e tiña un irmán. Naceran o mesmo día, pero meu pai nacera uns instantes antes, por iso era o rei. Ambos eran iguais en todo, salvo na alma, que é como dicir que non se parecían en nada. Así, o meu pai era bondadoso e sincero, bo rei, clemente, paciente, nobre, batallador, piadoso e con sentido do humor. O meu tío en cambio era cruel, despótico, luxurioso e mal conversador. Un día o meu tío tramou acabar ca vida do meu pai e facerse el co poder. Pero quería que a morte parecese natural, así que decidiu envelenalo.

PECADO

(*ASUSTADA, INTERROMPENDO*). ¡Deus!

HOME

Pero como era intelixente sabía que non había ser fácil, porque o meu pai tomaba sempre as debidas precaucións en cando á súa dieta. Todo o facía probar por catadores antes de probalo el mesmo. Todo... agás unha cousa...

MORTE

(*INTRIGADO*). ¿Que cousa?

GRACIA

Vai ti saber...

HOME

...A froita. Ó meu pai gustáballe moito a froita. Pero el mesmo cultivábaa no seu horto de palacio. El mesmo recollíaa e levábaa á mesa, polo que era imposible envelenala. ¿Que fixo entón?

PERDÓN DIVINO

¿Que fixo?

HOME

Pois... Era o día en que eu debía casar cunha princesa real. Para a ocasión organizáronse unhas espléndidas vodas nas que non faltaba de nada. De postre houbo pastelón, biscoitos e confites. Para todos menos para o rei, que foi, como sempre, buscar mazás á mazaira, acompañado polo seu ministro e o seu bufón. Eran unhas mazás fermosas. Colleu a primeira e deulle un bocado. E logo outro, e outro. E entón, de repente, morreu.

MORTE

¿E daquela, como fixo o voso tío para darlle o veneno?

HOME

(*DIDÁCTICO*). Isto é o mellor... Con paciencia, e unha espátula da *mantequilla*, untara o veneno nunha miñoa. E a miñoa subiu pola árbore e comeu da mazá, e cando meu pai comeu da mazá a mazá xa estaba envelenada. E morreu. E dentro da mazá alí estaba a miñoa, tamén morta, porque tamén comera da mazá. E eu sei que se fixo así por iso. E sei que o fixo el, porque no enterro todos choraban, pero os seus ollos... os seus ollos estaban secos. E os seus labios movíanse sen falar, pero eu lin neles e dicían: “Cando naciches collíchesme vantaxe. Ben, pois agora xa a recuperei”.

PECADO

¡Que historia tan terrible!

EMPRESARIO

¡É todo un drama!

HOME

Eu, naturalmente, denunciarei publicamente o crime. Pero a miña nai fixo un desmentido, desautorizoume e casou co meu tío. E tamén o outro rei convidado incomodouse comigo, e a miña prometida, que non quería casar logo dun funeral. Por iso e máis porque unha camareira me chiscara un ollo. Daquela eu escapei. Deixei todo alí, para demostrar ó meu tío que había volver. Todo menos unha cousa, que collín da mesa que fora de voda e de velorio: un coitelo de prata co meu escudo gravado nel. Leveino para saber quen son, e máis tamén para saber o que teño que facer.

GRACIA

(*INCRÉDULA*). Mágoa que en vez dun coitelo non trouxeras un *tenedor* e así ceabas...

PECADO

¡Que historia tan horrible, maxestade!

EMPRESARIO

(*A PARTE*). A relación pai-fillo, que grande argumento para un drama.

GRACIA

Si. Pero eu non me crin nin unha palabra.

EMPRESARIO

Nin eu tampouco, nin eu tampouco. É un mentirán, e nada máis. Pero divertiuos.

PECADO

(*DECEPCIONADA*). Non é el.

PERDÓN DIVINO

¡Si o é!

MORTE

¡Esa maneira de interpretar! Agora estou seguro. ¡É o ladrón! (*COLLE A GADAÑA*) ¡A por el!

O HOME SACA O PUÑAL PRATEADO, SOA UN EFECTO SONORO, MÚSICA DRAMÁTICA. TODOS QUEDAN ABRAIADOS.

PECADO

¡O puñal de prata!

GRACIA

¡Érache verdade!

MORTE

¡É un príncipe!

EMPRESARIO

(*LEVANDO AS MANS Á CABEZA*). ¡Meu Deus! (*CASE CHORANDO*) ¡O de mentirán..! ¡Eu non quería...! ¡O que quería dicir era que...!

HOME

¡Calade a boca! (*TERRIBLE*) Non vos gardo rancor. Co meu actual aspecto e o misterio do meu comportamento, calquera tería pensado igual. Estou afeito a ser confundido con cazadores furtivos, esmoleiros, mozos de cortello...

PECADO

Que destino tan inxusto.

PERDÓN DIVINO

Levábao escrito nos ollos.

GRACIA

(*ABRAIADA*). ¡Un príncipe perdido! Os camiños teñen tantas pedras coma sorpresas.

EMPRESARIO

Entón, maxestade. ¿Podemos contar co voso perdón?

HOME

(*PENSA UN MOMENTO*). ¿Por que non? Acolléstesme ben... déstesme un traballo, ofrecéstesme un prato de lentellas... (*DECÁTASE QUE NON LLE OFRECERON NADA*) ...É un falar.

EMPRESARIO

Si, ben certo, ben certo.

MORTE

(*ÓS OUTROS*). Daquela, ¿é un príncipe?

GRACIA

(*BAIXO*). Si, póstrate.

MORTE

¿Outra vez?

GRACIA

Si, outra vez.

MORTE

Pero, entón... (*FAI CONTAS*) ...isto ¿quere dicir que o actor que nos roubou... era irmán dun príncipe?

GRACIA

¡Non, home, non! Ese era un desgraciado.

MORTE

¡Ah!

GRACIA

¡Cala xa!

PERDÓN DIVINO

(*APAIXOADA*). Eu vin que era infeliz e preocupado. As enrugadas da fronte delatábano.

PECADO

(*ENGAIOLADA*). Eu sempre o souben. A nobreza escintiláballe nos ollos.

EMPRESARIO

Filla, non sexas irrespectuosa.

HOME

(*A PECADO*). Os ollos só reflicten o que ven.

PECADO

(*ÓS DEMAIS*). ¿Oístes o que dixó?

PERDÓN DIVINO

Cando me mira a min tamén lle escintilan.

EMPRESARIO

(*MODESTO*). Maxestade, nós somos uns humildes cómicos sen éxito, pero estamos para vos servir como queirades. Estamos ós vosos pés.

HOME

Non é preciso tanto.

PECADO

Daremos a nosa vida por vós.

HOME

Menos aínda iso... En realidade...

GRACIA

(*ESCÉPTICA*). ¿E que iamos poder facer uns mortos de fame coma nós por un príncipe? Antes, cando era Santiago Apóstolo aínda lle podíamos rezar...

EMPRESARIO

Gracia, fai o favor. Non é momento...

MORTE

(*ENTUSIASTA, INXENUO*). Iremos onda o tipo ese que lle usurpou a nai e recuperaremos o trono para el...

HOME

Non é necesario, de feito...

GRACIA

¡Pero non digas parvadas, por Deus!

O EMPRESARIO PARECE TER DE REPENTE UNHA IDEA. APÁRTASE DOS OUTROS.

EMPRESARIO

¡Un momento! ¡Si, podemos facer algo por el!

HOME

(*ESCÉPTICO*). A verdade, non se me ocorre...

EMPRESARIO

¡Si! ¡Xa o teño!

GRACIA

(*DESPECTIVA*). ¿Que é o que tés? ¿Febre?

EMPRESARIO

(*SEN FACER CASO*). Pelexaremos, pero coas nosas armas...

GRACIA

¡Pero se os actores non temos armas...!

MORTE

Eu teño unha gadaña.

PERDÓN DIVINO

Pero as gadañas dos actores non están afiadas.

EMPRESARIO

Non, non, non. Non son esas as nosas armas.

MORTE

¿E cal son as nosas armas?

EMPRESARIO

A simulación.

PECADO

¿Como?

MORTE

¿Que é iso?

PERDÓN DIVINO

¿Que dixo?

GRACIA

¿O que?

EMPRESARIO

A simulación. Actuar. Teño un plan.

GRACIA

(*CON IRONÍA*). E ese plan ¿ocorréuseche a ti ou contouchos un raposo?

EMPRESARIO

Non... Quiteino dunha obra. ¿Seica non coñeces “*A traxedia do señor Hamlet, príncipe de...*”

(*NON SE LEMBRA*) “...¿*Portugal?*”

TODOS SE MIRAN UNS ÓS OUTROS E SACODEN A CABEZA.

PECADO

Eu non.

MORTE

Eu se a vin non me lembro.

GRACIA

Eu creo que si ¿Non é esa que trata dun rapaz novo que ten problemas cos pais?

EMPRESARIO

É.

GRACIA

(*PARA OS OUTROS*). Ten unha frase boa... pero o resto...

EMPRESARIO

Pero tamén é importante lembrar que el é un príncipe.

PECADO

(*REFERÍNDOSE Ó HOME*). Coma el.

EMPRESARIO

Si. E tamén ten que se vingar, porque o seu pai aparecéuselle como pantasma esixíndollo. Ten que matar ó seu padrastró, que ocupa o trono do pai e o leito da nai.

PECADO

¡Edipo!

GRACIA

Non, muller, non. Edipo é o que mata ó pai e se deita coa nai.

MORTE

Iso foi o que dixos. Que mataba ó pai e se deitaba coa nai.

EMPRESARIO

Non. Mata ó pai do príncipe e déitase coa nai do príncipe. Non mata ó seu pai e se deita coa súa nai.

MORTE

(*A PARTE, PARA O PÚBLICO*). Deus, o da traxedia clásica é para volveirse un tolo. Case prefiro facer alegorías: o demo ten cornos e as doncelas recollen flores. Todo se recoñece axiña.

EMPRESARIO

É igual. Esquecede ós pais e ás nais. O que importa é que ten que se vingar do rei usurpador e para iso contrata uns cómicos.

GRACIA

Uns cómicos moi malos. ¿Coma nós?

EMPRESARIO

(*SEN FACER CASO*). O que quere é dar morte ó usurpador coa súa propia conciencia, coa lembranza do seu pecado. Así que fai que os cómicos representen, nunha festa, diante del, a función do seu crime.

GRACIA

E ti pretendes que nós...

EMPRESARIO

¡Si! Pensádeo. Había ser a nosa mellor función.

GRACIA

Fixo que había de ser a nosa última función.

EMPRESARIO

(*SOÑADOR*). Por unha vez fariamos teatro realista, como quixen eu sempre. O actor total. O plano ficcional e real, por fin mesturados. O teatro dentro do teatro ou a vida dentro da vida. O dilema do real e o inventado, nunca mellor exposto.

PECADO

E eu faría de princesa namorada, que é o que quixen facer sempre

PERDÓN DIVINO

E eu faría de muller fatal ou de amante... que é o que fixen sempre.

MORTE

E eu faría... (*DECEPCIONADO DE REPENTE*) Eu faría de morte, seguramente.

EMPRESARIO

(*SOÑADOR*). Unha obra escrita por min.

MORTE

(*DE REPENTE ANIMADO*). ¡Ó mellor pododo facer de bufón!... ¡ou de ministro!

PECADO

...Vestida con roupas de mérito, e cun abano español...

HOME

(*VISIBLEMENTE DESCONCERTADO E POUCO DISPOSTO*). A modo, a modo, eu...

O EMPRESARIO, ENFERVORIZADO, COLLE Ó HOME E ESCÓNDEO TRAS DA CORTINA DO CARRO E PONSE A ORGANIZALO TODO.

EMPRESARIO

(*Ó HOME*). Vós, maxestade, agachádevos aquí, ata o momento oportuno en que irromperedes co voso puñal prateado para cumprir a vinganza longamente aprazada pero inexorable. O puñal prateado, que fermoso símbolo de lexitimidade e vinganza a un tempo. (*A PERDÓN DIVINO*) Perdón Divino... ti es a camareira, que lle chiscas un ollo ó rei e logo ó príncipe... Papel breve, pero importante. (*A GRACIA*) Ti, Gracia. Ti has ser a raíña, a raíña despistada que tanto lle ten un irmán como o outro con tal que se parezan e os dous sexan reis. (*GRACIA OCUPA O SEU LUGAR NA ESCENA*) Eu hei ser o rei incauto, bo xardineiro pero mal camareiro. (*A PECADO*) Ti, Pecado, es a noiva.

PECADO

¡Si!

EMPRESARIO

Cantarás unha romanza e lanzarás miradas casadeiras. Tes que poñer un lunar e falar abrindo a boca para que saiban que es rica, pero non moi lista.

PECADO

¿Non son moi lista?

EMPRESARIO

Non, porque pensa que despois de todo confías máis nunha miñoca que no teu prometido.

MORTE

(*SUSPICAZ*). ¿E eu, señor Empresario?

EMPRESARIO

(*PENSA UN MOMENTO*). Para ti teño o mellor papel de todos...

MORTE

Xa estou vendo cal.

EMPRESARIO

Non, non o sabes.

MORTE

Si que o sei.

EMPRESARIO

Xa verás como non.

MORTE

Xa verei como si.

PAUSA.

EMPRESARIO

...O da miñoa.

MORTE

Xa o sabía eu.

EMPRESARIO

Pero é un papel extraordinario. A nova serpe do Mal que como no Pecado Orixinal contamina a mazá e fai mortais ós homes. O axente desencadeante do drama, como o pano en Otelo. O inocente símbolo da fatalidade.

MORTE

O bicho noxento untado de merda metido nunha mazá e mordido por un bobo.

EMPRESARIO

Home, visto así...

MORTE

(RESIGNADO). Ben, ben. Ó meu traballo logo.

MORTE DÉITASE NO CHAN E COMEZA A ARRASTARSE COMO SE FOSE A MIÑOCA. DE SEGUIDO ESCOITANSE LADRIDOS DE CANS NAS CERCANÍAS.

EMPRESARIO

Así, así. Como a miñoa cara á árbore. E agora, de repente...

DE REPENTE ENTRAN DOUS SOLDADOS. TRAEN LANTERNAS NA MAN. ESCÓITANSE CON CERTA PROXIMIDADE O LADRIDO DA XAURÍA DE CANS.

SOLDADO 1

¿Quen vai? ¡Alto á garda do arcebispo!

PERDÓN DIVINO

¡Os soldados!

SOLDADO 2

¡O demo e a mona! ¿Que é isto? ¡Un aquelarre!

EMPRESARIO

Non, non. Non é ningún aquelarre, eu pódovos explicar que...

SOLDADOS 1

¿Que faciades entón?

MORTE

Preparabamos a morte dun rei...

SOLDADO 2

¿O que? ¿A morte dun rei?

EMPRESARIO

Non lle facer caso, señorías. (*A MORTE*) Cala, necio, que vas facer que nos maten a todos. (*ÓS SOLDADOS*) Somos cómicos da legua. Ensaíabamos unha nova obra.

SOLDADO 1

Conque cómicos, ¿eh? Unha obra. ¿Cal obra?

PECADO

Unha que nos contaron.

GRACIA

É unha sorte que apareceran as señorías. Agora poderannos indicar o camiño para Compostela, porque estamos perdidos.

MORTE

Si, é certo. Estamos perdidos neste bosque.

SOLDADO 1

Daquela ides a Compostela. Sodes logo os cómicos burgaleses que se contratou para representar o último milagre do Apóstolo.

EMPRESARIO

Modestamente, si. Aínda que como tamén hai programada unha execución o mesmo día, pesamos que...

SOLDADO 1

Xa non.

GRACIA

¿Xa non? ¿Indultárono?

EMPRESARIO

(*ANIMADO*). Iso sería unha sorte... Tanto para el como para nós.

MORTE

(*TAMÉN CONTENTO*). ¡Mesmo ó mellor vén el á función e todo! ¡O reo!

GRACIA

(*Á MORTE*). Non creo que che estea de moito humor, de todas todas.

PECADO

Pero, ¿e indultárono de certo?

SOLDADO 2

Indultalo, o que se di indultalo, non precisamente. Se acaso indultouse el. Liscou.

OS CÓMICOS

(*MIRÁNDOSE ENTRE SI. TODOS Á VEZ, SORPRENDIDOS*). ¡Escapou! / ¿Como? / ¡Vaia!

SOLDADO 1

Si. Aproveitou o descoido dun garda, (*MIRA PARA O COMPAÑEIRO, QUE SE ENCOLLE DE OMBROS*) deste, en concreto, para fuxir dos calabozos. E logo, vestido de dominico, escapou do palacio da Inquisición, que en Compostela está moi céntrico.

PERDÓN DIVINO

¿E non o coñeceron?

SOLDADO 1

Ía bendicindo a todos nun latín perfecto, mesmo con algo de acento salmantino. Pareceu raro nun dominico, porque non son moi bendicidores, pero pensouse que se cadra era un que saíra moi bondadoso por algunha razón.

SOLDADO 2

(*PARVO, COMO SATISFEITO*). A min bendicume.

PECADO

¿E non será perigoso? Porque digo eu que se vén para acá...

SOLDADO 1

Ía armado, iso si. Cun puñal de prata... (*OS CÓMICOS MÍRANSE DE REPENTE ENTRE SI*)
 ...En realidade non é un puñal. É un abrecartas que o Inquisidor fixo facer en Toledo... para
 abrir as denuncias anónimas.

*TODOS SEGUEN A MIRARSE. LENTAMENTE DIRIXEN A MIRADA Ó LUGAR ONDE ESTÁ
 OCULTO O HOME. DESPOIS DUNS INSTANTES A CORTINA QUE O TAPA EMPEZA A
 TREMER.*

SOLDADO 1

(*PARECE DECATARSE DALGO. ¿Que foi?*

GRACIA

(*VAI FALAR, TÍMIDAMENTE*). Pois...

EMPRESARIO

(*INTERRÓMPEA*). ¡Non! Nada. É só que, como a nós tamén nos roubaron onte... Pero non
 sabemos quen foi. Ben, si o sabemos, porque foi un dos nosos cómicos, que marchou. Pero non
 sabemos quen era e...

*O OUTRO SOLDADO TEN NA MAN UNHA BOLSA DE TEA. MENTRES OS DEMAIS
 FALAN, EL ESTABA MIRÁNDOA. NA BOLSA HAI UNHAS POUCAS MOEDAS E TAMÉN
 UN ESPELLIÑO PEQUENO. PECADO NON O PERDE DE VISTA E DE REPENTE MIRA
 PARA OS OUTROS.*

PECADO

(*NUN MURMULLO*). ¡O meu espelliño!

MORTE

(*TAMÉN MURMURANDO*). ¡A que nos roubou o Home Inocente!

PERDÓN DIVINO

(*A PARTE, TAMÉN EN BAIXO*). ¡É a del! ¡E ten pingas de sangue!

EMPRESARIO

(*Ó SOLDADO*). Pero, entón, señores, ¡ese home é perigoso! ¡Con ese... abrecartas ou o que
 fora na man...! Se cadra ábrenos a algún algunha outra cousa.

SOLDADO 2

(*SORRINDO, SATISFEITO*). Xa non.

SOLDADO 1

(*IGUAL*). Certo, xa non. Era moi perigoso, pero xa non o é.

GRACIA

¿Como que xa non?

SOLDADO 1

¿E logo? ¿Onde se viu que un morto teña perigo, por moito abrecartas que leve?

PERDÓN DIVINO

Daquela... morreu.

SOLDADO 2

Morreu, si. Axudámolo nós.

SOLDADO 1

Demos con el nunha taberna, moi perto da cidade. É raro que non escapara lonxe mentres puido.
 Mesmo parece que se dirixía de volta a Compostela, quen sabe por que. Alí estaba, borracho e
 gastando os diñeiros desta bolsa (*SINALA A BOLSA DE TEA QUE TEN O OUTRO NA MAN*)
 que debeu roubar nalgún sitio.

AGORA TAMÉN O EMPRESARIO E GRACIA VEN A BOLSA E VÓLVENSE A MIRAR ENTRE SI, EN SILENCIO, SOBRECOLLIDOS.

SOLDADO 2

Ofreceu resistencia, e defendeuse, vaia se se defendeu. Antes de caer feriu a un dos nosos. Era moi destemido.

SOLDADO 1

Debeu facer moitas mortes de vivo, porque o corpo tíñao todo marcado de navalladas. E digo eu que un que ten todo o corpo cheo de navalladas e segue vivo é porque el repartiu moitas máis...

SOLDADO 2

Pois agora xa non vai seguir.

SOLDADO 1

Non, iso dígocho eu. Esta noite vano pendurar da corda, para que se cumpra o castigo e despois daranlle terra nalgún lugar apartado. Ó mellor nun camiño, como se fai ás veces, para que lle pasen por riba os peregrinos que veñen visitar o Apóstolo...

SOLDADO 2

Iso, ó mellor é iso o que fan.

SOLDADO 1

(*COMO INTRIGADO*). Iso si... O abrecartas de prata non deu aparecido...

EMPRESARIO

(*ATRISTURADO*). Como cartas sei que non pensaría recibir moitas...

SOLDADO 1

Si, pero a nós mándannos a ver se o atopamos. Xa me dirán. Coma se fose tan doado atopar unha cousa tan pequena na noite. Por moito que sexa de prata. ¿Vós non...?

EMPRESARIO

Non, non. Nós non o vimos. Se o visemos xa llo teríamos dado, claro.

GRACIA, MOI APESADUMBRADA, VAI CARA A ELES, DISPOSTA A DICIRLLES ALGO.

GRACIA

Señores, esa bolsa, nós...

PECADO VAI ONDA ELA E CÓLLEA POLO BRAZO PARA IMPEDIR QUE FALE, INTERROMPÉNDOA.

PERDÓN DIVINO

Eu quedaríalles moi feliz e moi agradecida se me desen ese espello que hai na bolsa. Sempre quixen ter un así, para levalo nun peto e mirarme...

O SOLDADO 2 QUÉDASE ALGO SORPRENDIDO POLA PETICIÓN. MIRA PARA O OUTRO E LOGO DÁLLO A PERDÓN DIVINO.

SOLDADO 2

Certo, ¿como non? Seguro que ha estar máis feliz de verte a tí que de verme a min.

PERDÓN DIVINO

(*COLLENDO O ESPELLO*). Non se sabe máis. ¿Quen entende ós espellos? A parte dereita é a parte da esquerda e ó revés. ¿Quen sabe se para eles é beleza o que para os demais é fealdade?

SOLDADO 2

(*UN POUCO ATURDIDO*). Si..., certo.

PECADO

(BAIXO, QUERÉNDOLLE COLLER O ESPELLIÑO). ¡É meu!

PERDÓN DIVINO

(BAIXO, DÁNDOLLO). Xa o sei. Collíncho para ti.

SOLDADO 1

Ben. Nós temos que marchar de volta á cidade. Somos nós ós que tocou pendurar a este home, e aínda que agora nos vai esperar fixo, xa van sendo horas de voltar. En vista de que non atopamos tampouco o abrecartas por ningunha parte... (*VOLVÉNDOSE, ÓS CÓMICOS*) Quede Deus Noso Señor convosco (*Ó SOLDADO 2*) ¡Veña!

SOLDADO 2

(*MARCHANDO*). Quede Deus convosco.

EMPRESARIO

(*ÓS SOLDADOS*). Que tamén quede convosco...

OS SOLDADOS SAEN.

PEQUENA PAUSA.

OS ACTORES MÍRANSE ENTRE SI E MIRAN PARA O LUGAR ONDE ESTÁ AGACHADO O HOME.

PASAN A ESCOITARSE MÁIS LONXE OS LADRIDOS DOS CANS.

TODOS QUEDAN EN SILENCIO MIRANDO PARA A CORTINA DETRÁS DA CAL SE ENCONTRA O HOME.

ESTE SAE DE REPENTE. MÚSICA DRAMÁTICA. TEN O COITELO EMPUÑADO. PECADO DÁ UN BERRO.

EMPRESARIO

¡Coidado! ¡Ten o abrecartas na man!

GRACIA

(*INCOMODADA*). ¿Con que un príncipe, eh? ¡Un príncipe de sangue, si!... ¡Pero do sangue dos inocentes!

PERDÓN DIVINO

Eu xa vira algo na súa ollada. ¡Díxeno!

MORTE

(*ASUSTADO*). Non... non nos fagas mal.

PECADO

(*TRISTE, CONFUNDIDA, MURMURANDO*). Non pode ser... Non pode ser...

PECADO QUÉDASE PARADA, OS DEMAIS SEGUEN A RETROCEDER. O HOME, CO PUÑAL NA MAN, CHEGA ONDA ELA.

EMPRESARIO

Sae de aí, filla. É un asasino. ¿É que non escoitaches?

PECADO

(*MIRANDO FIXO PARA O HOME, FALANDO TRISTE*). Non dixeron iso. Non dixeron que fixera ningunha morte.

GRACIA

(*NERVIOSA*). Dixeron que era un monstro.

MORTE

Que fixera cousas terribles.

PERDÓN DIVINO

(*NERVIOSA, CON ALGO DE ANGUEIRA*). Eu vira un palacio, vira os soldados, vira unha cerimonia. Pero o palacio era unha mazmorra, os soldados gardiáns e a cerimonia a forca...
¡Que falsa é a sinceridade!

EMPRESARIO

Ven para acó filla. Engañounos. ¿Quen sabe quen será?

PECADO (*SEGUE A MIRALO FIXO NOS OLLOS*)

Non é tal, ¿non si?

O HOME MANTÉN O PUÑAL EN ALTO. MIRA PARA TODOS. PAUSA. FINALMENTE BAIXA O PUÑAL.

HOME

Non son un asasino, nin un ladrón.

PECADO

(*VOLVÉNDOSE*). ¿Vistes?

MORTE

Non lle creas nada.

PERDÓN DIVINO

A verdade é a mentira, a mentira é a verdade.

PECADO ESTENDE A MAN. EL MÍRAA UN MOMENTO. LOGO DE PENSALO DEIXA O PUÑAL NA MAN DELA. O HOME DÁLLE AS COSTAS E DÁ UNS PASOS EN DIRECCIÓN CONTRARIA. VÓLVESE E COMEZA A FALAR.

HOME

Eu son un... impresor.

O EMPRESARIO, GRACIA E A MORTE MÍRANSE ENTRE SI, MOLESTOS E DECEPCIONADOS, PERO CALMADOS.

GRACIA

(*SUSPICAZ*). Un impresor...

HOME

Isto si o podo demostrar (*REMÁNGASE*) porque teño as mans manchadas. Si, de vermello. Pero é da tinta. Da tinta coa que se empezan os capítulos, non de sangue.

PERDÓN DIVINO

Moitas veces o sangue e a tinta teñen a mesma cor.

HOME

Ben o sei que si. E aínda que non verquín sangue inocente nunca... (*DOÍDO*) non podo dicir o mesmo da tinta...

PECADO

(*DOCE*). Eu... Eu...

GRACIA

¿Ti..?

PECADO

(*DOCE*). Eu créoo.

GRACIA

Madialeva.

PERDÓN DIVINO

(*Ó HOME*). Dinos... ¿Por que te prenderon e te condenaron a morte?

HOME

(*INDECISO*). Pois...

GRACIA

Xa empezamos outra vez.

MORTE

(*INCOMODADO*). Iso, xa empezamos outra vez.

O HOME APÁRTASE UN POUCO DELES E, DE COSTAS, EMPEZA A FALAR.

HOME

Por herexía...

MORTE

(*PARA O EMPRESARIO*). ¡Home! ¡Como ó seu pai, señor empresario!

O EMPRESARIO CONTENSE PARA NON DARLLE UN SOPAPO.

GRACIA

¿Que herexía?

HOME

Pois... escribín un libro e imprimino no meu taller.

EMPRESARIO

¿Que clase de libro?

HOME

Un libro... importante. (*ORGULLOSO*) Titulábase: “*Os milagres do Apóstolo Santiago, cientificamente explicados, de acordo coa aritmética e os modernos descubrimentos do señor Newton de Inglaterra*”.

MORTE

(*SEN ENTENDER NADA*). ¿O que?

GRACIA

(*IRÓNICA*). ¡Que interesante!

HOME

(*PICADO NO ORGULLO*). Pois si. Moi interesante. Non hai tales milagres. É todo un negocio que teñen ben artellado na cidade. Non hai tal. Eu razoeino todo. Tiña unha teoría sobre o da balsa de pedra, e o do mozo aforcado en Montes de Oca, e o dos cabaleiros Loreneses. (*DE SÚPETO, DIDÁCTICO*) Veredes... en canto á balsa de pedra non hai nada milagroso, por moi de pedra que sexa, se aplicamos o principio de Arquímedes que di que todo volume...

GRACIA

Non, fai o favor. Xa abonda de explicacións.

EMPRESARIO

(*TIMIDAMENTE*). E... o da batalla de Clavijo...

HOME

(*CASE INCOMODADO*). ¡Pero, home, se non houbo ningunha batalla en Clavijo!

EMPRESARIO

(*TIMIDAMENTE*). Pois... sempre se di... Nós...

HOME

Dinse moitas cousas.

MORTE

(*Á GRACIA*). E ¿por iso condenan a morte? ¿Por escribir un libro? ¿E logo como hai tantos?

GRACIA

Condenan, pero ti non te preocupes. Ti nunca vas escribir un libro.

MORTE

(*SATISFEITO*). Ah, que ben.

EMPRESARI

Pobre Home Inocente... traicionounos e roubounos... Pero non merecía morrer.

PERDÓN DIVINO BAIXA A CABEZA, ATRISTURADA.

GRACIA

(*NON MOI CONVENCIDA, FAI UN XESTO DE DÚBIDA*). Ben...

HOME

Tampouco eu merezo estar vivo. Porque antes dixen que non son un ladrón nin un asasino. Pero vivindo unha vida que non me corresponde e sentíndome culpable dunha morte é así como me verei agora, como un ladrón e un asasino.

MORTE

(*ALARMADO DE REPENTE*). Agora entendo... ¡É el!, ¡o home do que falaban os soldados! ¡O do abrecartas de prata! ¡Axiña! ¡Chamade ós gardas!

GRACIA

(*Á MORTE*). ¡Que rápido es, meu Deus! ¡Listo como o raio!

EMPRESARIO (*PÁRAO*)

Déixao estar. Deixa. (*PAUSA, PARA TODOS*) Quen sabe se non será outro milagre do Apóstolo...

PAUSA.

GRACIA

¿Dilo en serio?

O EMPRESARIO FAI UNHA PEQUENA PAUSA. LOGO DI, SENTENCIOSO.

EMPRESARIO

Nós sempre dicimos que imos contar o último milagre do Apóstolo. Pois, se cadra, o último milagre do Apóstolo acábannolo de contar a nós.

GRACIA

(*ALUDINDO Ó HOME*). Pois a ver se este o explica *cientificamente*.

HOME

Non sei cal será a explicación, pero se isto son os milagres sería mellor que non existisen. Este fixo dun inocente un culpable e de min, que era culpable, culpable doutra cousa. A min non me importaba morrer pola miña maneira de pensar. Pero agora... agora o que non sei é que pensar. E todo porque ese pobre home e mais eu parecíamos. E agora aquí estou eu, vestindo as súas roupas e el pendurado da miña corda en Compostela...

PERDÓN DIVINO QUÍTALLE O ESPELLIÑO DA MAN A PECADO, QUE ESTABA DISTRAÍDA MIRANDO Ó HOME, E ACHÉGASE Ó HOME CO ESPELLIÑO NA MAN.

PECADO

(*LAIÁNDOSE*). ¡Ei!

PERDÓN DIVINO

Desculpa. Só quero saber unha cousa. ¿Quereríaste mirar neste espelliño?

HOME

¿Para que?

PERDÓN DIVINO

Porque, ó mellor... En fin. Pode ser... (*DUBIDA. LENTAMENTE*) Pode ser... que o rostro que vexas refrexado nel non o recoñezas.

HOME

¿Que non o recoñeza?

PERDÓN DIVINO

Así é. Que non o recoñezas... e penses que non es ti, senón outro.

HOME

¿Outro?

PERDÓN DIVINO

Si. É algo que me veu de pensar agora. Pode ser que ti e Home Inocente non sexades iguais, como pensamos, senón que ti teñas o seu rostro e el o teu. Pois nin nós viramos nunca o teu rostro nin os soldados o del.

HOME

Pero... iso é imposible.

PECADO

(*ACHEGÁNDOSE*). ¿Como o sabes? ¿Mirácheste nun espello?

HOME

(*EMPEZA A SENTIRSE CONFUSO*). Non mirei, non.

PERDÓN DIVINO

Mirácheste nun río.

HOME

Non, non mirei. Atravesei regatos, pero miraba para adiante e para atrás, como todo o que foxe.

EMPRESARIO

¿E vícheste acaso reflectido nun botón ou nunha culler?

HOME

As miñas roupas átanse, non se abotoan, e aínda non provei comida, e menos con culler.

O HOME LEVA AS MANS Á CARA LENTAMENTE. APALPA OS SEUS RASGOS COMO CON MEDO. PERDÓN DIVINO TÉNDELLE O ESPELLIÑO. EL QUÉDASE MIRANDO PARA EL. VAINO COLLER, PERO NON SE ATREVE.

HOME

Mellor non saber.

GRACIA

(*IRÓNICA*). ¿E non era o señor impresor partidario de sabelo todo?

PECADO

Daquela sería de verdade un milagre, e non unha casualidade.

HOME

Realmente ¿hai algunha diferenza?

PECADO

Eu iso xa non o sei contestar.

MORTE

(*Ó EMPRESARIO*). Entón os milagres... son malos.

EMPRESARIO

(*Á MORTE*). Os milagres son sorpresas. E as sorpresas dependen do que un espera e do que sabe que pode esperar.

PECADO, LENTAMENTE, ACHÉGASE Ó HOME.

PECADO

(*DOCE*). Ó mellor a explicación é que todos somos inocentes, no fondo, aínda que ás veces nos parezamos a un culpable.

GRACIA

(*CÍNICA*). Vai ti saber. Ou ó mellor a explicación é que ó Apóstolo non lle gustaba como facía de Apóstolo o outro, e fixo todo isto, (*Ó HOME*) incluído o de que ti escribises ese libro das matemáticas, para cambiarnos o reparto.

EMPRESARIO

Pode ser. Pero xa que se mete a escoller o reparto xa se podía encargarse tamén da taquilla.

PECADO

E con toda esta historia esquecemos preguntarlles ós soldados o camiño para Compostela.

PERDÓN DIVINO

(*REFERÍNDOSE Ó HOME*). El sábeo, ven de alí.

EMPRESARIO

(*ESPERANZADO*). ¿Sabes o camiño?

HOME

Máis fácil non pode ser. (*SINALA O CEO*) Está escrito alí arriba (*TODOS MIRAN PARA ARRIBA*) nas estrelas.

MORTE

¡Éche certo! ¡Hai un camiño aí arriba!

PERDÓN DIVINO

¡Que fermoso! ¡No meu país chámanlle o Sendeiro da Xente Secreta!

HOME

Din que é un río, e que cando morremos temos que cruzalo.

MORTE

Polo menos, mortos, xa non afogaremos.

GRACIA

Os pobres ó mellor si.

PECADO

Din que todos temos unha estrela onde está escrito o noso nome e o noso destino.

HOME

Entón co telescopio poderase ler.

EMPRESARIO

O libro non dicía nada disto (*SACA O SEU EXEMPLAR DO CÓDICE CALIXTINO*)

HOME

¿Que libro?... (*CÓLLEO*) ¡ah, si! A edición defectuosa...

EMPRESARIO

Era a única que había en Burgos e... un momento. ¿Non serías ti quen...?

HOME

Ben... na verdade...

GRACIA

(*SUSPICAZ*). ¿A que vai ser este quen imprimiu tamén o libro este a máis do das matemáticas esas?

HOME

(*COMO AVERGOÑADO*). Foi a primeira edición que fixen. Non me podía saír perfecta. As páxinas que faltan...

EMPRESARIO

(*EMPEZANDO A INCOMODARSE*). As páxinas que lle faltan, as páxinas que lle faltan... Por isto si que debían aforcar e non pola outra historia das herexías. Co que me custou atopalo... e o que me pediron por el.

MORTE

¿E logo? ¿Daquela estabamos perdidos por culpa del?

PECADO

Estabamos.

EMPRESARIO

¡O demo me leve! (*MIRA PARA A SÚA ROUPA*) É un dicir.

HOME

¿E que queredes que lle faga? Ó mellor é que como impresor non vallo.

GRACIA

Veña, veña. Non vos poñades a discutir, que agora hai moito que andar... Veña, veña. E ti...

Tanto ten se non sabes imprimir libros. Agora xa tes outro oficio. Para Compostela.

EMPRESARIO

É certo. Xa volvemos a ser unha compañía.

PÓÑENSE EN MARCHA. SAEN.

PANO